

**Número 7-8, Extraordinario
Outono 2002
4 euros**

libRedón

**Boletín da Asociación Galega
de Amigos do Camiño de Santiago**



10º ANIVERSARIO DA ASOCIACIÓN

UNHA DÉCADA Ó SERVIZO DO CAMIÑO

AS RUTAS GALEGAS A EXAME

PATRIMONIO XACOBEO EN PERIGO

SUPLEMENTO ESPECIAL DE 50 PÁXINAS

- *PRESIDENTE:**
Antón Pombo Rodríguez
- *VICEPRESIDENTE (C. Francés)**
Constantino Chao Mata
- *SECRETARIA:**
Inés Iglesias Amorín
- *TESOUREIRO:**
Enrique Fontenla Insua
- *VOCAL1º (Santiago I):**
Mario Clavell Blanch
- *VOCAL2º (Santiago II):**
Jaime Bouza López
- *VOCAL3º (C. Portugués I):**
José Antonio de la Riera
- *VOCAL4º (C. Portugués II):**
Rafael Higgs Estanqueiro
- *VOCAL5º (C. Ourense I):**
Xosé Antón Quintas
- *VOCAL6º (C. Inglés):**
Antonio Leira Piñeiro
- *VOCAL7º (C. Fisterra):**
Manolo Vilar Álvarez
- *VOCAL8º (Madrid):**
Susana Gago Rodríguez
- *VOCAL9º (páxina web):**
Rosa Mª Sánchez Martínez

- Director:**
Antón Pombo Rodríguez
- Redacción:**
Jose Antonio de la Riera
Mario Clavell Blanch
Manuel Vilar Álvarez
Constantino Chao Mata
- Corresponsais:**
Victor Salvador (Minho)
Ana Belén de los Toyos (Asturias)
Isabel Micó Feliz (León)
Carmen Pugliese (Navarra-La Rioja)
Laurie Dennett (Gran Bretaña)
Meh Höpel (Alemania)
Teresa Márquez (Argentina)
- Colaboradores:**
Luis Torcida García
Laureano Victor García Díez
Eduardo Lezcano del Río
Amelia García Portillo
Robert Plötz
Jean-Claude Benazet
José Miguel Burgui Ongay
Francisco José Torres Sampaio
Moncho Trigo
José Antonio Ortiz
Rosa Vázquez Santos
Francisco Singul
Mariano de Souza
Pilar Morata
Leo Ridano



Fotografía da Portada:
"Cara o Cebreiro"
Jacques Janvier
2º Premio do Concurso fotográfico (Detalle)

- Fotografías:**
Premios do 3º Concurso da AGACS
Manuel González Vicente
Manolo Vilar
Tino Chao
Teresa Márquez
Meh Höpel
Carmen Pugliese
Isabel Micó Feliz
Rosa Vázquez
Antón Pombo Rodríguez

- Debuxos:**
Andrés de Herrera
Mariano de Souza

- Deseño e Maquetación:**
Sieira Deseño

*Enderezo do Boletín: Rúa Juan Canalejo, 39 A, 4º dta.
15003 A Coruña*

Depósito Legal: C-1.182/99
*Enderezo da Asociación: Rúa da Acibechería, 31 esq. 15704
Santiago de Compostela*

S U M A R I O

3-4- EDITORIAL

5- ¡AH DEL CAMINO!

6-17 ASOCIACIÓN

18- FEDERACIÓN

19- OUTRAS ASOCIACIÓN

20-26- CAMIÑOS

27-32- II CONCURSO DE RELATOS

83-86- SUPLEMENTO ESPECIAL 10º ANIVERSARIO

87-97 Á BEIRADO CAMIÑO

98-99- GLOSAANOTICIAS XACOBEAS

100-101- DESGLOSAS XACOBEAS

102-107- CRÍTICA BIBLIOGRÁFICA

108- NOTICIAS

109-110- ÚLTIMAHORA

111- 10º- ANIVERSARIO DA ASOCIACIÓN.
Actividades prevista ata fin de ano



10 Anos non son nada...

Antón Pombo Rodríguez
Presidente da AGACS

Parece que foi onte cando un grupo de persoas, vencelladas dun ou doutro xeito ó Camiño de Santiago, decidiu xuntarse en Sobrado dos Monxes para funda-la Asociación que hoxe témo-la honra de presidir. Dez anos son moitos se considerámo-las aceleradas transformacións que afectaron e están a afectar ós itinerarios xacobeos e maila peregrinaxe nesta fase da súa particular e longa historia, pero poucos cando contemplámo-la realidade e actuación doutros colectivos semellantes ó noso. Os amigos de París e Francia, reunidos na sociedade decana entre as xacobeas, xa entraron na plena madurez con 52 anos de existencia, e conseguiron os loureiros do Premio Elías Valiña ó cumpri-los cincuenta. E que dicir da asociación de Estella, que xa consume os últimos meses da súa xuventude (31 anos). A Galega tamén é máis nova cá meirande parte das asociacións españolas do Camiño Francés, moitas delas creadas na década dos 80. Emporiso, cabe lembrarnos que a nosa andaina escómezou algún tempo antes, pois varios dos actuais socios e directivos xa tiñamos participado na fundación e actividades da *Asociación de Amigos do Camiño de Santiago da Provincia da Coruña*. Aquela encetara a súa curta traxectoria por mor dos desvelos de D. Elías Valiña, que deste xeito conseguía completa-lo mapa asociativo, un anxeio persoal, do Camiño Francés. Recordamos hoxe con cariño a D. Angel Rodríguez González, presidente daquela asociación, coma unha das figuras máis salientables do rexurdir xacobeo tanto polas súas aportacións científicas (como titular de Historia Medieval da Universidade de Santiago e colaborador asiduo nas célebres semanas de Estella) coma polo seu trato sempre agradable e mailo seu talante servicial. Retomando o fio da crónica, cabe referir que trala desaparición da asociación coruñesa nos sentemos dignos herdeiros do seu traballo, remontándonos así ás orixes, digamos 'apostólicas', do movemento asociativo xacobeo.

Galicia, país tradicionalmente moi individualista, de miras un tanto curtas e sempre disposto a resolve-las súas liortas e divisións internas rifando localmente con grande crueza e balbordo era merecente, cando menos no eido xacobeo, dunha grande asociación que agregara tódolos esforzos ata entón

desenvolvidos por pequenos grupos. Para que a idea agromara prescindimos do marco provincial, unha visión absurda cando estamos na terra en que tódolos camiños conflúen na súa meta, e procurando supera-los intereses de parroquias, vilas, concellos, comarcas ou provincias. apostamos polo marco máis amplo e lóxico. Por outra banda, quixemos de contado participarmos en tódolos organismos e foros que trataran o Camiño coma unha unidade, cando menos desde os Pirineos a Compostela, e por elo solicitámo-lo ingreso na Federación Española de Asociacións de Amigos do Camiño.

Con esa vontade foi fundada a AGACS non para dividir, senón para xuntar a tódolos amigos galegos do Camiño respectando os intereses dos grupos que desenvolvían a súa actividade a prol de cada unha das rutas, sen darnos preferencia a ningunha a non se-lo Camiño Francés que a todos nos fixera peregrinos. Deste xeito, e por existiren xa varias asociacións en Lugo, continuamos a traballar no resto de Galicia e creámo-las seccións do Camiño Francés, Inglés, Portugués, Ourensán e de Fisterra-Muxía. Hoxe seguen a funcionar todas elas, se ben no interrim naceron outras asociacións específicas, caso da titulada da Vía da Prata, a partir do noso seo. As restantes asociacións galegas, así as locais de Ribadeo e Pontevedra, a do Camiño Primitivo ou a provincial de Lugo, por cita-las que manteñen unha actividade máis regular, seguen actuando, pero á AGACS coubolle a honra de se-la única representante, na compañía dos Amigos dos Pazos, que foi convidada a participar decote en reunións estatais e internacionais, formando na actualidade parte da Xunta Directiva da Federación Española e mantendo contactos periódicos con asociacións de Portugal, algunhas delas fundadas por contaxio do noso entusiasmo, Francia, Italia, Alemaña, Inglaterra, Brasil, EE.UU., etc. A nosa especial relación co Camiño Portugués, asemade, queda patente pola presenza dun vocal da Asociación de Valença do Minho na nosa directiva.

Foron dez anos de intensa actividade. Desde as barricadas do Monxoi ata o Congreso Internacional por nos coorganizado na comarca de Fisterra, da ledicia de colaborarmos activamente coa Xunta na



recuperación do camiño do Val do Ouribio á insensata e paifoca actuación do alcalde de Samos estragando, das pescudas entre as silveiras para delimitar a traza histórica do Camiño Portugués, da vía ourensá ou da prolongación a Fisterra á satisfacción de vermos recuperadas estas rutas coa súa sinalización, albergues e, sobre todo, cada día maior número de peregrinos.

Tanta era a necesidade de estudar, delimitar, sinalizar e promocionalos mal chamados 'itinerarios secundarios', que a AGACS empregou a práctica totalidade das súas enerxías en conseqüido durante moito tempo. Manolo Grueiro foi o animador da resurrección do Camiño Inglés entre Neda e Compostela, Alfredo Jeremías e Xesé Antonio de la Riera fixeron outro tanto, coa axuda dun importante grupo de amigos, no Camiño Portugués, e non contentos co inmenso traballo realizado en Galicia, do que conservamos unha monumental memoria documental e de campo de máis de 1.000 páxinas, entraron en Portugal para coñecer o absurdo dun itinerario lusitano que parecía principiar en Tui. No camiño ourensán quen pode esquecer o entusiasmo do noso primeiro presidente, hoxe presidente de honra, D. Elixio Rivas, que contou con colaboradores tan asiduos como Aser Oscar Sánchez ou Xosé Antón Quintas. E na prolongación a Fisterra tenton face-lo propio o que escribe, por fortuna coa axuda de moitos dos citados, da asociación Neria e, nos últimos anos, de Manolo Vilar e Ernesto Insua. Nesta sinxela homenaxe tampouco podemos esquecer a outros socios e directivos de longo percorrido, así Mario Clavell ou Paco Singul (ambos dous desde os inicios da asociación comense), Mariel Larriba (que foi vicepresidenta e se volcou na organización do V Congreso Internacional), Juan Yañez, Jaime Bouza, Toni Crespo, Inés Iglesias, Enrique Fontenla, ó noso fotógrafo oficial Manuel González Vicente, que soupo captar as mellores imaxes da humanidade e os traballos desenvolvidos por nos no Camiño, e a todos aqueles outros que traballaron desinteresadamente para esta asociación. A todos eles o noso sincero agradecemento e tamén o dos peregrinos, en última instancia beneficiarios dos seus desvelos.

Das actividades realizadas pola asociación, desde o traballo de campo ás denuncias para preservalos camiños xacobeos, e da preencia en congresos e reunións á propia publicación deste boletín, agora soamente queremos salientar que, lonxe de gabarnos das realizacións como adoitan face-los

políticos na procura dos votos, nunca estamos satisfeitos co conseguido e sempre pretendemos marcar novos obxectivos a prol dun beneficio dos camiños e dos peregrinos. E por elo que non nos acougar adunados na obra realizada, senon insistimos en conservar o entusiasmo que nos permita seguir aportando o noso grao de area a este contradictorio e tardamento xacobeo.

Debemos o Camiño, e non as componendas e intereses coyunturais, neste senso. Imos tentar dar cumprimento os estatutos máis aló dun formalismo folclorista e falto de compromiso. En consecuencia, continuaremos a ser críticos co que cremos está mal feito, sobre todo nunha época en que moitas bocas se enchén periodicamente, sobre todo cando se achega o Ano Santo, de xacobeísmo fatuo e oportunista. Comprome defende valores asumidos por moitanda parte dos peregrinos, así a consideración patrimonial dos itinerarios xacobeos máis aló dos coñecidos históricos ou monumentos aliados que os xalanan; o carácter tradicional da peregrinación fronte os que pretenden convertela nunha romaría lúrica ou aventura sendemista; unha acollida que empale a que se dispensou desinteresadamente ó longo dos séculos, desde hospitais sostidos pola Igrexa, o poder civil ou particulares, e distante do afán de lucro dos que pretenden secularizar e "turistizar-lo Camiño"; a potenciación dos camiños diversos do Francés e da prolongación histórica a Padrón, Fisterra e Muxía do mesmo xeito que antano; e tamén promove-lo vencello entre a peregrinaxe a Compostela e outros grandes santuarios, en particular ós marianos de Fátima, Covadonga e Lourdes.

Todo o anterior, e moito máis, é o que aínda nos queda por facer. E para elo precisamos da axuda continuada dos socios.



Primeira Xunta Directiva da AGACS na reunión fundacional de Sobrado dos Monxes, outono de 1992. *Fotografía: Manuel G. Vicente*

EN CAMINO. Diez años -“oficiales”- a pie de Camino, más los que anduvimos a gatas, dan para bastante. Aquella tarde invernal, ya tan lejana, nos juntamos en Sobrado dos Monxes todo tipo de orates. Unos habían colaborado con Elías en los años oscuros, otros procedían de la extinta Asociación de A Coruña, otros muchos eran simples peregrinos, y todos, absolutamente todos, queriendo ofrecer algo al Camino de Santiago. Por allí aparecieron los que luego serían protagonistas en la recuperación de los mal llamados Caminos Secundarios a Santiago: Camino Meridional (Vía de la Plata), Camino Portugués, Camino Inglés, Prolongación Jacobea a Fisterra y Muxía. De allí salió una conjura, un compromiso, una pasión. Y diez años después, habiendo pasado toda el agua bajo los viejos puentes, en Sobrado nos veremos todos de nuevo.

Pero... ¿Cuál era el Camino por el que nos batíamos el año 1992? ¿Qué Camino tenemos ahora? ¡Ah del Camino! ¿Hay alguien por ahí?. ¿En qué se ha convertido? En el presente número de Libredón se dan bastantes claves. Lo que está claro es que aquel Camino de los años ochenta y principios de los noventa ha cambiado sensiblemente. Del esfuerzo de unos cuantos entusiastas se ha pasado (por ejemplo en Galicia) a ser considerado el Camino de Santiago, casi una cuestión de Estado. Y ha sido utilizado, a diestro y siniestro, para fines que poco tienen que ver con la peregrinación jacobea tradicional. No se ha explicado (o no se ha querido explicar) lo que significa peregrinación y peregrinos y lo que significa turismo alrededor del Camino de Santiago. Todo parece indicar que lo único que

importa son las estadísticas (y no solamente a las administraciones públicas, sino a la mismísima Oficina del Peregrino).

Todo ha sido desbordado, asociaciones, albergues, hospitaleros, el propio Camino. Siempre hemos hablado de un Camino abierto a todos, mil veces hemos traído a colación el viejo poema “La Preciosa” que campeaba sobre las puertas del viejo hospital de Roncesvalles: “La puerta se abre a todos...”. Y nadie es dueño del Camino, es de todos. Pero no se puede engañar, no se puede decir: “Todos al Camino, que son vacaciones y es gratis”. La anécdota de un grupo de “turigrinos” reclamando el autobús del “Xacobeo” en Fonfría el Año Santo de 1999 sería desternillante si en el fondo no nos produjera una profunda tristeza: ¿En qué están o estamos convirtiendo el Camino?

Por eso debemos seguir a pie de obra. Por eso debemos seguir denunciando las salvajadas que se intentan hacer en el mismísimo Camino Francés (señor alcalde de Samos, señor alcalde de Triacastela, nos van a tener, nos tienen, enfrente). Por eso debemos insistir ante todas las instancias posibles en pedir, en exigir, el mayor respeto al Camino de Santiago. Por eso vamos a seguir, hasta que nos dejen, explicando que hospitalidad no es hostelería, que es muy respetable, incluso necesaria en el Camino, pero que es otra cosa, está en el tuétano de la peregrinación, sino queda más remedio la ejerceremos en una humilde barraca, pero no puede desaparecer. Y por eso creemos que el Camino del futuro lo harán los peregrinos, ellos son lo mejor del Camino. Ultraia amigos, Santiago ayuda.



De Santiago a Fátima coas "setas" azuis

Dentro do programa desenvolvido para enlaza-lo itinerario xacobeo con outros grandes roteiros de peregrinación, dedicámo-las saídas ó campo do primeiro semestre de 2002 a pintar con frechas -os nosos irmáns portugueses denomínanlas 'setas'- azuis o itinerario entre Compostela e Tui, dando así continuidade ó labor realizado en Portugal, donde xa se atopa sinalizado o tramo Valença do Minho-Porto.

A proposta da sección do Camiño Portugués, durante a primeira metade do ano en curso empregámo-las nosas saídas ó campo para percorrer esta ruta en sentido inverso. O desvío era lóxico entre Compostela e Padrón, un desvío devocional e curioso para moitos peregrinos de antano que hoxe non acaba de retoma-lo carro do renacer xacobeo (en grande medida polo manifesto desinterese do seu concello), pero ¿por que seguir contra-corrente ata o Miño? A experiencia tiña a súa lóxica e tentaba facer xustiza. Se os nosos veciños de alén o Minho, en particular os do norte do país, están a facer tantos esforzos por revitaliza-las súas tradicións e sendas xacobeas, ¿como non íamos facer nos outro tanto, adecuando o uso dos vellos carreiros ás demandas devocionais da modernidade, para potencia-lo mesmo itinerario como unha ruta de peregrinación ó santuario de Fátima?



Inicio da actividade en Santiago. Fotografía: Inés Iglesias Amorín

Xa que logo, puxémonos man á obra pintando frechas azuis que guíen ó peregrino *caminho de Fátima*. Na súa presenza non existe confusión ningunha cos sinais amarelos e mailos marcos de pedra oficiais colocados pola Xunta, pois están situados en lugares estratéxicos para ser vistos polo camiñante o ciclista que avanza cara ó sur. Deste xeito, o camiño de Santiago é tamén o da Virxe como aconteceu ó longo da historia, pois sempre outros santuarios ficaban encadeados á grande arteria santiagouista como elos dun rosario devocional. Isto actonteceu especialmente cos santuarios marianos, entre eles o Pilar de Zaragoza, Montserrat ou o mosteiro de Guadalupe, amboaldous citados como un desvío frecuente por varios peregrinos da Idade Moderna. Decaeu a romaría do apóstolo Santiago, pero non a devoción á Virxe María, que no século XIX acadou un espectacular renacemento tralos milagres de La Salette e Lourdes, e no XX coas aparicións de Fátima. Se ós anteriores unimos os presentes e, como non, a Virxe de Covadonga, xa entendemos que os verdadeiros peregrinos, movidos como antano pola fe, non desaproveitarán a oportunidade de facer roteiros complementarios, prolongacións ou desvíos puntuais para visitar á Señora.

O noso plan desexaría, a medio prazo, populariza-las frechas azuis para, aproveitando as sendas xacobeas, crear un grande corredor devocional, santiagouista e mariano, que conecte Lourdes, Covadonga, Santiago e Fátima por unha parte, o cal quere dici-lo Camiño do Piémonte, en Francia, o Camiño do Norte, a través do Cantábrico, e mailo Camiño Portugués; e os de Montserrat, o Pilar de Zaragoza e Santiago por outra, non existindo aquí problemas de sinalización nin necesidade de pinta-las frechas azuis por queda-los centros marianos no Camiño do Ebro ou catalán.

Agora soamente queremos implicar a outras asociacións en tan cobizosa como sinxela empresa, para podermos entre todos levar adiante unha promoción que, en certo modo, non fai máis que devolver ós peregrinos do presente a posibilidade de que poidan segui-los pasos dos seus devanceiros.



Santuário de Fátima. Fotografía: Antón Pombo

Os Camiños de Fátima en Portugal

Diversos organismos eclesiásticos e públicos están a promover en Portugal, onde a xente se dirixe a Fátima pisando o firme de perigosas estradas, roteiros pedestres e provistos de albergues para os peregrinos. Dentro deste programa cabe cita-las experiencia desenrolada polas rexións de Turismo de Leiria-Fátima, Ribatejo e dos Templários, o Centro Nacional de Cultura, o ICEPe maila asociación Rotas Marianas-Caminhos de Fátima.



Como xa é habitual no país veciño, estas iniciativas deron comezo a partir de Lisboa, quedando sinalizado un *Caminho do Tejo* entre o Parque das Nações (antiga Expo) e Fátima. A rota pode ser cuberta nas seguintes etapas: **Lisboa-Vila Franca de Xira (24,5 qm)**, **Vila Franca de Xira Azambuja (19 qm)**, **Azambuja-Santarém (30 qm.)**, **Santarém-Monsanto (29,5 qm)** e **Monsanto-Fátima (23 qm)**. A divulgación do itinerario permite visitar outros santuarios salientables, así o do Santíssimo Milagre de Santarém (alude a un milagre eucarístico equivalente ó do Cebreiro), e outros templos que congregan romarías de carácter rexional ou comarcal.



Non hai aínda albergues como aquí adoitamos entendelos, pero é un primeiro paso e agardamos que limiar dunha actuación semellante no longo e desatendido camiño do norte (Valença-Fátima). No futuro, non o dubidamos, Compostela e Fátima ficarán enlazados por un roteiro devocional de dobre dirección

A.P



Alto do Poio

Remedios, unha muller que leva acollendo peregrinos na súa casa desde os tempos de Elías Valiña, acudiu esta tempada á asociación para que nos encargáramos de xestiona-lo seu albergue privado, con presenza de voluntarios, durante os meses de verán. Despois de termos unha reunión coa familia en pleno á que tamén acudiron Resti (Castrojeriz) e Moncho Trigo (socio da AGACS), acordamos elaborar un documento de cesión para dar comezo á asistencia, estando xa advertidos varios hospitaleiros voluntarios para acudiren por quendas de xullo a setembro. Ende mal para nos, os familiares de Remedios mudaron de opinión con posterioridade, optando por habilitar un albergue privado de pago.

O desplante de Olveiroa

Aínda lembrámo-lo día 30 de xuño do pasado ano, cando a asociación comezou a encargarse da xestión daquel entrañable albergue e a primeira hospitaleira, Alison Raju, na compañía dalgúns membros da asociación, tiveron que desatascar os baños dos restos da obra, limpar a fonso o edificio tras un ano de abandono, comprar artigos de limpeza, obxectos para cocinar e unha boa cantidade de comida para por en marcha o lugar, e avisa-los responsables para que corrixiran os varios defectos detectados nas instalacións. Os hospitaleiros que se foron sucedendo converteron Olveiroa nun albergue modélico, limpo, onde a acollida era loubada por todos e sempre había un prato quente de comida para os peregrinos. Cando rematou o noso compromiso, o concello contratou como encargada a Puri, unha moza de Olveiroa que desenvolve un labor abofé que meritorio. Sen embargo, á hora de continuar este verán coa hospitalidade, por suposto que compaxinando a actividade da hospitaleira coa de Puri, o concello non é que se negara, e que nin sequera se dignou a contestarnos nin por teléfono nin por escrito. A lección, á que suma-la do impago da publicidade que o concello puxo na revista, témola máis que aprendida para vindeiras citas.

Máis solicitudes de asistencia

Sentendo non podermos satisfacer a todos, recibimos este ano a petición de hospitaleiros por parte dos albergues de Ourense e Redondela, onde a experiencia non foi por completo satisfactoria o pasado ano por parte dalgúns dos voluntarios -se cadra agardaban o ambiente do Camiño Francés-, e tamén a do recién inaugurado albergue de Neda, no Camiño Inglés. Os hospitaleiros que estaban comprometidos para O Poio acudiron ó albergue de Fisterra, onde era preciso botar unha man a Begoña perante a morea de peregrinos que están a chegar á vila do Cristo este ano.

A filosofía da asociación de cara á hospitalidade no futuro será a de contar cun albergue propio ou, en segunda instancia, a cesión dun local público por varios anos, desbotando definitivamente a posibilidade de seguir exercendo a función de salva-vidas estival.



CRÓNICA DUNHA PEREGRINAXE ATA A FIN DA TERRA

Manuel Vilar

Un ano máis, e xa van seis, saímos de Santiago para seguir o camiño que nos leva ata as terras da Fisterra. E cada ano son máis os que nos seguen e cada vez son máis os que seguen este camiño pola súa conta.

Este ano tivemos a participación máis numerosa de todas, pero tamén a menos internacional; e este ano tamén tivemos escasa participación local. Temos que dicir que un dos obxectivos desta "Peregrinación" é dar a coñecer o camiño nas terras polas que atravesamos, que o camiño sexa unha realidade nas vidas dos seus habitantes, que o fagan seu, que o asuman, que o cuiden e sintano como unha parte máis do seu patrimonio cultural e simbólico, como algo que os mantén conectados co resto do mundo. Pero este resulta un traballo difícil.

Como sempre, e despois da foto de rigor na praza do Obradoiro, cruzamos o Sarela para entrar na espesura da natureza, no tunel vexetal que nos leva ata Sarela de Abaixo. Alguén, Xunta ou Concello, terían que rozar este camiño, senón teremos que facelo nós e non nos van caer os aneis.

Comemos na Ponte Maceira e moitos gozaron deste magnífico lugar: auga, pedra, historia, arte e o son da natureza. Despois Negreira coa súa banda de música recibíndonos á porta da Casa do Concello, pero como éramos moitos tivemos que seguir á Banda ata a Casa da Cultura, onde o alcalde nos deu a benvida á vila, que agora é máis coñecida por ser final da primeira etapa. A AGACS pediu atender a escola de Vilaserío como albergue para que ao peregrino lle sexa máis liviana a longa segunda etapa.



Peregrinos na Praza do Obradoiro

O segundo día deixamos atrás as terras de Barcala para cruzar as de Xallas. Como todos os anos o alcalde de Mazaricos recibíunos en Maroñas e invitounos a comer, aínda que os últimos quedaron sen nada porque hai quen entende a peregrinaxe como unha marcha atlética no que o importante é chegar primeiro e non agardar polos demais. Non señores deportistas, para iso xa hai outro tipo de marchas, a nosa é distinta, é unha peregrinaxe, non unha competición. Aquí non damos medallas ao que chega primeiro, senón ao que chega, sabe chegar, disfrutar e compartir: cos outros, coa natureza, coa historia.

O terceiro día, e despois do recibimento do crego, o concello de Cee sorprendeunos cunha carpa no Recheo onde comemos empanada e tortilla, viño e cervexa, todo ao són das gaitas. Logo Corcubión co seu San Marcos na cadeira, e Fisterra: concerto de violín, fisterranas, fallo do 1º concurso de bordóns e posta de sol.

A maior novidade deste ano foi que a xornada última acurtámola moito para poder chegar a Muxía a unha hora prudente e que os peregrinos puidesen comer e marchar con tempo para Santiago para poder volver tranquilamente aos seus destinos. Tamén fixemos isto porque queremos que coñezan o noso patrimonio cultural e Moraime é do máis senlleiro que temos, algo realmente digno de ver e gozar. Houbo xente que agradeceu este cambio, tamén houbo xente que prefería vir andando desde Fisterra.

Xornada Xacobeana en Tui

Como colofón ó pintado do Camiño de Fátima (á inversa do Camiño Portugués) con frechas azuis entre Compostela e Tui, no albergue da cidade episcopal desenvolveuse unha mesa redonda presidida polo noso vocal da ruta portuguesa, J.A. de la Riera, e na que participaron algúns amigos da outra beira do Miño.

A intención foi dar a coñece-la actividade realizada, anticipando a confección conxunta dun folleto que promocióne este roteiro de dobre dirección, dando así unha xustificada satisfacción ós portugueses. En 2003 tentaremos convencer as asociacións e autoridades lusas para que se continúe sinalizando, cara ó sur, o tramo Porto-Fátima. Deste xeito conseguiremos compracer ó cada día máis crecente número de peregrinos que solicitan información sobre o Camiño Portugués, ate agora unicamente, como é sabido, estudiado e pintado con frechas amarelas desde Porto.



III Concurso de Fotografía:

III CONCURSO FOTOGRÁFICO ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN
CONXUNTAMENTE CO DIARIO EL CORREO GALLEGO/O CORREO GALEGO



O día once de outubro fallouse a terceira edición do que está chamado a ser clásico Concurso de fotografía da nosa Asociación, convocado conxuntamente co diario santiagués. Acompañamo-la publicación das fotos premiadas. Do primeiro premio, “Cruce de caminos” o xurado salienta a expresión de inmensidade que o peregrino experimenta facendo o Camiño en terras de Castela. A foto, tomada en primavera por **Francisco Javier Díaz Benito**, de Pamplona, reflicte a beleza sinxela -cor única- dos campos que sedan o ánimo do peregrino, acougan o seu espírito e turran del cara a meta apostólica.

O gañador do segundo premio é o francés **Jacques Janvier**, de Mulsanne, que recolle outra dimensión do caminante xacobeo en solitario: o camiño interior, favorecido pola néboa. Non hai falago para os sentidos e a brétema potencia, inmerso no silencio exterior duna carretera sen tráfico, o diálogo interior tan fecundo na experiencia xacobe.

O terceiro premio ten tamén como protagonista o caminante solitario e foi feita polo veciño de Sarriá (Lugo) **José M^a Díaz Bernárdez**. Esta vez, cun toque de ‘nonchalance’ vese o rasgo peregrineiro de “nada supefluo” durante o Camiño, todo enriba das costas. Necesítase pouco para sobrevivir, e que non falte o paraguas. No tocante o accésit, mantense a constante do peregrino solitario -característica desta convocatoria- visto agora na inmersión en Natureza aberta na que se empastan terra e ceo nunha mistura feliz de cores atemperadas. O peregrino síntese pequeno dentro da Creación e, á vez, gratamente acompañado por nubes, sementeira, flores pequenas o grandes espacios. Integración do home na paisaxe. Sempre no Camiño, daquela en Navarra. A foto titúlase “Entre Estella e Los Arcos” e foi feita polo francés **Jacques Janvier**, quen gañou tamén o segundo premio.

A contía dos premios é:

- trescentos euros para o primeiro premio
- cento cincuenta para o segundo
- cento vinte para o terceiro
- O accésit leva un lote de libros.



“ O P e r e g r i n o ”



“Cruce de Caminos” Fotografía: Francisco Javier Díaz Benito (*1º Premio*)



“Como el Conde de Mormaltán” (Don Gaiferos, Duque de Aquitania). Fotografía: José M^o Díaz Bernárdez (*3º Premio*)



“Cara ó Cebreiro” Fotografía: Jacques Janvier (*2º Premio*)



“Entre Estella y Los Arcos”. Fotografía: Jacques Janvier (*Accésit único*)



II Concurso Literario de Relatos Curtos

O xoves día 10 de outubro reuniuse no auditorio de Antiago de Compostela o xurado encargado de falla-lo II Concurso Literario de Relatos Curtos con tema libre relacionado co Camiño de Santiago.

Presentáronse a concurso vintetrés relatos, a maioría dunha notable calidade, polo que a deliberación do xurado foi árdua e a pugna entre os finalistas moi rifada.

Os traballos premiados foron os seguintes:

1º premio, dotado con 300 euros: **‘Amapola’**.

Autora: Flor María de Melgar, unha salvadoreña, residente en Nova Iorque, que tras face-lo Camiño enviouno-lo seu relato desde Nepal.

2º premio, dotado con 150 euros: **‘El Nexo’**.

Autor: Leonardo Fernández Ridano, residente na República Arxentina.

3º premio, dotado con 120 euros: **‘Un Camino de cuentos’**.

Autor: José María Maldonado Agustina, residente en Sevilla.

Ós tres a nosa máis cordial noraboa¹.

Dada a calidade dos traballos presentados á actual convocatoria do concurso de relatos, a asociación ten contemplado a posibilidade de publicar unha escolma dos que considere mellores, premiados ou non, en vindeiras edicións. Poremos así a disposición do panorama literario xacobeo unha nova canle de expresar sentimentos e impresións por parte dos peregrinos-autores. O éxito de participación deste concurso anímanos igualmente a darmos continuidade á convocatoria, estando previsto que a de 2003, ás portas do Ano Santo, sexa presentada cun prazo bastante máis amplo có do presente. En nome da AGACS felicitamos a tódolos participantes animándoos a recuncar o vindeiro ano, no que tentaremos incrementa-los premios dentro da medida das nosas sempre modestas posibilidades. Para rematar, queremos amosa-la nosa ledicia o termos noticia que algúns dos premios entregados o ano pasado foron dedicados integramente ó fondo dos hospitaleiros que está a permitir, entre outras empresas, por en marcha os albergues de Bercianos del Real Camino (León) ou Tosantos (Burgos).



¹Os tres relatos galardoados poden ser leídos nas páxinas 24 e 29 desta revista.



Outras Actividades

Reunión anual da Federación en Andorra

Como cada ano -sempre máis e máis lonxe de Galicia- asistimos á **Asemblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria da Federación de Asociacións Xacobeas**, celebrada entre os días 15 e 18 de marzo na localidade turolense de Andorra. A asociación local, que se desviviu por agradarnos, organizou perfectamente os actos. O vindeiro ano a cita será en Alicante, quedando presentada a candidatura de Tui (conxunta de Amigos dos Pazos e nosa) para a convocatoria do Ano Santo. Dos acordos aló tomados informamos brevemente nas páxinas dedicadas á Federación.



Vista do casco vello de Andorra. Fotografía: Antón Pombo

Presencia no Congreso de Perugia

Paolo Caucci convidounos a participar no **Congreso Internacional Roma-Santiago**, desenvolvido entre os días 23 e 26 de maio na capital da Umbria. Cunha perfecta organización, á que contribuíu en grande medida a Xunta de Galicia por medio de María José Dopico, que nos acompañou en Italia, se desenvolveron as xornadas científicas a un alto nivel, destacando a presenza de especialistas italianos, españois e alemáns. Na xornada de clausura, celebrada no salón medieval do fermoso Pazo do Concello, vímonos forzados a ocupa-lo posto de Fernando Imaz, como representante da Federación, por non ter podido acudir aquel por mor dun inoportuno accidente. Nesta xornada, os representantes das grandes confrarías e asociacións europeas de Italia, Francia, Alemaña e Inglaterra presentaron unha breve exposición sobre a súa traectoria, fins e principais actividades realizadas nos últimos anos.



Derradeira xornada no Congreso de Perugia, Salón do Pazo Comunal, na Tribuna Paolo Caucci von Saucken. Fotografía: Adriano Scognamillo



Asociación

Comité Científico do Congreso de Logroño

Se ben con escasa actividade, cando menos formalmente A. Pombo, presidente da Asociación, figura como membro do **Comité Científico do VI Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas**, que vai ter lugar en Logroño do 31 de outubro ata o 3 de novembro deste ano. Para estimular a participación, sempre moi nutrida por parte dos membros da AGACS, emprendimos varias xestións con particulares, e tamén coa Universidade de Santiago. Non obstante, temos que lamenta-la postura unilateral do presidente do Comité, que contradicindo a filosofía que vén presidindo os anteriores congresos deste tipo, rexeitou varias comunicacións de investigadores reputados que xa tiñan participado a bo nivel noutras convocatorias.

Noites no Camiño



Charla pronunciada en Sobrado

Dentro do programa de colaboración coa Xerencia de Promoción do Camiño, os membros da AGACS participamos de novo nas xornadas divulgativas e culturais tituladas '**Noites no Camiño**', que se desenvolveron durante os meses de xullo e agosto en varios albergues do Camiño. Nalgúns casos coa estimable compañía do músico tradicional Luís Correa, pronunciamos charlas ou conferencias en Ribadiso, Olveiroa, Redondela, O Cebreiro, Arca, Ourense, Sobrado dos Monxes, Sarria, Ribadeo e Melide. A máxima afluencia acadouse en Ribadeo, con cen persoas, e a mínima, como adoita ser habitual, en Ourense. En xeral cabe destaca-la boa participación e interese amosado polos peregrinos e, no caso de Olveiroa, polos propios veciños da aldea.

Informes dos Camiños

Repetindo a experiencia do ano pasado, diversos membros da asociación están de elaborar para a Xunta de Galicia os **informes técnicos dos camiños Inglés, Primitivo e Norte**. Como é sabido, o material é redactado despois de percorrermos en grupos de traballo todos e cada un dos itinerarios referidos no seu tramo galego. Estamos a estudar no terreo as posibles agresións padecidas en cada caso e aportamos sempre ideas e propostas para mellora-la ruta, todo elo cunha óptica propia dos peregrinos.

Folleto do Camiño a Fisterra-Muxía

Por fin, desde que foi posta en valor e sinalizada con marcos a ruta definitiva polo Xacobeo, este ano presentaremos un **folleto práctico** do itinerario da fin da terra para os peregrinos. Trátase dun desprezable de 8 caras que incorpora un limiar, as cinco etapas lóxicas cun detallado quilométrico e unha axenda práctica. Publicámola en colaboración coa asociación Neria para podermos lograr unha maior tirada, xa que a demanda sobre este itinerario está a medrar entre as asociacións e por pate dos peregrinos que chegan a Compostela. A nosa intención pasa por reeditala no futuro coas debidas actualizacións.

Irmandamento Vimianzo-Sta. Marta de Tera

O pasado 16 de agosto tivo lugar na Casa do Concello de Vimianzo un acto de irmanamento entre este municipio e mailo zamorano de Santa Marta de Tera. O *leit motiv* deste irmanamento radicaba na existencia, tanto aquí coma aló, de senllas e meritorias representacións escultóricas relacionadas co apóstolo Santiago: na igrexa parroquial de Santiago de Cereixo (Vimianzo), a máis antiga iconografía da Traslación, e na porta sur de Santa Marta de Tera, unha das máis antigas do apóstolo peregrino, de abondo coñecida como emblema de congresos e incluso como icono que figurou na desaparecida moeda de 5 pts. Na mesa de presentación do irmanamento participou o presidente da Asociación, que en nome desta amosou a súa satisfacción por ter sido o noso Apóstolo o vínculo desta unión. O concello zamorano regalou ós galegos unha representación a escala da figura do Santiago de Tera, e o de Vimianzo fixou outro agasallo semellante ós casteláns.



Acto de irmandamento en Vimianzo





A TENDA DA ASOCIACIÓN

Boletíns atrasados



Acabamos de acaba-las existencias do nº 1 de Libredón, pero aínda temos exemplares de abondo, con precio especial para os socios, dos números **2** (1,25 euros), basicamente dedicado ó V Congreso de Asociacións e máis ás pegadas xacobeas da comarca que o acolleu, **3** (1,50 euros), con varios artigos de historia do Xubileo Romano, e **4** (1,25 euros), un monográfico sobre a hospitalidade. O número **5** tamén está esgotado, e do **6** e actual tamén temos exemplares ó prezo de 1,50 euros para os socios. Para o futuro esperamos poder editar, nunha *web* propia, tódolos números da revista.



Libros


Por un convenio asinado entre a AGACS e maila editorial Xerais de Galicia podemos ofertar os libros **Peregrinos** (Fotografía de Manuel González Vicente con textos de apoio de J.A. de la Riera) e maila **Guía Práctica do Peregrino, Bierzo e Galicia** (A. Pombo), cun desconto especial do 25% respecto do PVP. A primeira vén custado **18 euros** e a segunda **16,20 euros**.



¡Novidade!

Actas do V Congreso Internacional de Asociacións

Xa temos a nosa disposición un lote para a venda das actas do V Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas, que se celebrou en Cée na ponte do Pilar do Ano Santo de 1999. A un prezo practicamente de custe (**18 euros**) podédesvos facer con este groso volume (722 páxs), que incorpora 58 ponencias divididas entre artigos científicos e vivenciais ou de opinión. A edición correu a cargo da Imprenta da Excm. Deputación Provincial de A Coruña, e o resultado non puido ser máis satisfactorio.



Gravado

Tamén cun importante desconto para os socios, a asociación ofrece o gravado do Santiaguíño de Fisterra, do que é autora Inés Iglesias Amorín, por **3,5 euros** a lámina (prezo na rúa: 6 euros).

Camisetas

Cun 20% de desconto para os socios permanecen á venda ás camisetas co anterior logotipo. Son de algodón 100%, cor gris, manga curta e temos tallas M (en realidade pequena), L (mediana) e XL (grande). Cada camiseta: **5 euros** (prezo na rúa: 6 euros).

Prendedores

Os últimos exemplares deste exitoso *pin*, que pola viveza das súas cores e simpático motivo (unha vez máis, o Santiaguíño medieval de Fisterra), atópanse á vosa disposición. Un obxecto para coleccionistas e para lucir como emblema xacobeo. **2,20 euros** a unidade.

Pañoletas

Do expolio do V Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas conservamos tamén unha ducia de pañoletas amarelas co logotipo da reunión. Resultan ideais para unha rápida identificación nos camiños. Prezo: **500 pts.** unidade.

As peticións deberán ser cursadas ó enderezo da revista, e para non paga-lo contrarembolso, convén retirar-lo obxecto nalgunha das actividades da Asociación ou na sé desta (Santiago), da revista (A Coruña), ou dos nosos vocais de Betanzos, Vigo, Valença do Minho ou Madrid (chamade á Asociación para saberdes do enderezo).



ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS DENDE A PRESIDENCIA

Xaneiro-Abril de 2002

26 Xan: Presidímo-las asembleas ordinaria e extraordinaria para facermos balance das actividades realizadas, presenta-las contas anuais e elixi-los novos cargos da xunta directiva en substitución dos dimisionarios.

29 Xan: Acudimos a Santiago para revisa-la maquetación do boletín antes de entregalo á fotocopiadora.

4 Feb: Mantemos unha reunión informal con M^a José Dopico para prepara-la xuntanza da AGACS coa Xerencia de Promoción do Camiño. Recollémo-lo boletín en Copy Nino.

18 Feb: Con Riera acudimos a Santiago para plantexa-la posibilidade dun novo convenio coa Xerencia de Promoción do Camiño en base a tres apartados: Noites no Camiño, Informes técnicos dos camiños e colocación de textos históricos de peregrinos en lugares emblemáticos dos camiños galegos. Tratamos outros moitos temas con María José Dopico (albergues, conservación dos camiños físicos, problemas de paso, 10º Aniversario, etc).

23 Feb: Principiamos, no tramo Santiago-Padrón, a sinalizar con frechas azuis o Camiño Portugués no sentido de Fátima.

3 Mar: Preparamos novos convenios de hospitalidade con Olveiroa, Fisterra (Riera) e O Poio (Moncho Trigo). Con Jose de la Riera enviamos proposta de convenio de colaboración para 2002 coa Xerencia do Camiño (informes camiños, Noites no Camiño, placas históricas).

15-18 Mar: Desprazámonos a Andorra (Teruel) para asistirnos á asemblea anual da Federación Española de Asociacións Xacobeas. A parte dos balances habituais de contas, xestión, revista, etc., tiveron especial incidencia a organización do V Congreso Internacional en Logroño e maila cuestión da hospitalidade, referida a se deben asistir hospitaleiros ós albergues das asociacións nos que se cobra.

De regreso visitamos a José Ignacio (Grañón) e Restituto (Castrojeriz).

Abr: Realizamos diversas xestións como membro do Comité Científico do VI Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas, a celebrar en Logroño.





6 Abr: Asistimos á reunión do Cebreiro e O Poio para prepara-lo contrato de arrendo e visita-lo albergue de Remedios. Acoden Jose Riera, Moncho Trigo, Enrique Fontenla, Mario Clavell e Restituto.

Maio-Outubro de 2002

11 Mai: Presidímo-la Xunta Directiva, na que se reparte o traballo para executa-lo convenio coa Xunta de Galicia nos programas 'Noites no Camiño' e realización de informes técnicos dos camiños Inglés, Norte e Primitivo.

16 Mai: Participamos nun Programa de Radio Noroeste sobre o Camiño a Fisterra.

23-26 Mai: En representación da Federación e máis da Asociación asistimos ó Congreso Internacional Xacobeo de Perugia (Italia).

Xuño: Facemos en Francia contactos coa asociación dos Pirineos Atlánticos, que presta servicio ós peregrinos en St. Jean-Pied-de-Port.

Xullo: Enviamos solicitude de colaboración para o número especial do boletín a 55 persoas relacionadas co Camiño de Santiago.

16 Xullo: Acudimos ó albergue de Olveiroa para escoita-la conferencia de Manolo Vilar e saúda-la hospitaleira.

17 Xullo: Visitamos as obras no tramo do Camiño de Fisterra que descende a Estorde.

18 Xullo: Entrevistámonos co alcalde de Cée para facer un seguimento destas obras.

27 Xullo: Conferencia ós peregrinos no Cebreiro dentro do programa Noites no Camiño, que pon remate ás xornadas organizadas pola Fundación do Santo Milagro. Amenizada musicalmente por Luís Correa.

29 Xullo: Charla, con Manolo Vilar, a un grande número de peregrinos no albergue de Arca, de 20 a 21,15 h.

30 Xullo: Asistimos, en representación da AGACS, á presentación do libro de Fernando Alonso Romero no faro de Fisterra.

8 Agosto: Visitamo-lo albergues de Arrés, pertencente á Federación, e outros do tramo aragonés que se vai ver afectado polo recrecemento do encoro de Yesa.

16 Agosto: Participamos, convidados polo Excmo. Concello de Vimianzo, na mesa que preside o acto de irmanamento entre os municipios de Vimianzo e Camarzana de Tera.

19 Agosto: Con motivo da conferencia do programa 'Noites no Camiño', pronunciada no mosteiro de Santa María de Sobrado, iniciamos xestións para celebra-lo encontro do 10º aniversario da AGACS no mosteiro.

21 Agosto: Reunión en Neria para programa-la edición conxunta do folleto do Camiño a Fisterra-Muxía e integra-las nosas actividades xacobeas de setembro no programa do 10º Aniversario de Neria.

A g o - S e t . .
Comezamos a preparar este boletín extraordinario ó tempo que percorrémo-lo Camiño Francés entre Somport-Gares e Orreaga-Frómista.

2 4 - 2 5

O u t u b r o :
Asistimos como ponente ó congreso xacobeo 'Padrón-Iria e as tradicións xacobeas'.





Asemblea en Andorra-Teruel (15-16 de marzo)

Xa adiantamos que estivemos presentes nesta nova xuntanza anual das asociacións españolas federadas. Este ano protagonizou o debate, por momentos moi acalorado, a cuestión de se os hospitaleiros voluntarios da Federación deberían ou non acudir en ós albergues nos que se cobra, expresándose a favor as asociacións riojana e de Burgos, e tamén a do Bierzo,



Tamborrada. Fotografía: Antón Pombo

que non tiña representante en Andorra. Sen embargo, e cun congreso no que haberá tempo de debate-lo tema en maior profundidade, o tema quedou pendente de ser resolto para este fin de ano, estando previsto que sexa enviado un informe a tódalas asociacións para que



Reunión da Asemblea. Fotografía: Antón Pombo

poidan reflexionar, posicionarse e tomar partido. A discusión, derivada sen sentido a cuestións personais e alleas, acabou coma o rosario da aurora cando o presidente da asociación da Rioja abandonou a sala por considerar que estaba perdendo o tempo.

Novos albergues de peregrinos

Segundo puidemos comprobar in situ, este verán comezou oficialmente a funciona-lo novo albergue da Federación sito en **Tosantos**, localidade burgalesa anterior a Belorado. A antiga rectoral está a ser restaurada coa colaboración de



Arrés. Fotografía: Antón Pombo

numerosos peregrinos, cada un segundo os seus coñecementos e capacidades, e coa supervisión de José Ignacio Díaz. Durante varios meses, o noso bo amigo José Luis, que tamén estivo en Olveiroa unha quincena, exerce como



Tosantos. Fotografía: Antón Pombo

hospitaleiro. Co mesmo espírito do anterior está a funciona-la casona rectoral de **Bercianos del Real Camino**, un mundo de edificio para o que calquera colaboración, en man de obra ou material, será ben recibida. Tras unha quenda de hospitaleiros voluntarios, encárgase de acolle-los peregrinos Tina, veciña do lugar.

Desde hai máis tempo abre as súas portas tamén o albergue de **Eunate**, rexentado por antigos hospitaleiros da Federación cun estilo moi semellante de acollida ó practicado en Arrés ou Tosantos.

Estase así a conseguir a existencia dunha rede hospitalaria, na que tamén debe ser incluído **Grañón**, na que se dispensa ós peregrinos un trato especial e sinxelo, desde logo herdeiro da tradicional hospitalidade froito da caridade cristiá.



Intercambio de revistas

En relación cos boletíns recibidos, cabe sinalar que son aínda poucas as asociacións, por máis que lles temos escrito e enviado puntualmente LIBREDÓN, as que realizan connosco un intercambio periódico. É certo que nas reunións anuais e nos congresos que coincidimos sempre adoitamos intercambiar en man revistas, folletos e libros, pero cremos que esto debe facerse dun xeito regular, para que todos poidamos ter noticia das actividades realizadas polas demais asociacións federadas e, no caso das publicacións periódicas, conserva-las coleccións completas. Neste sentido, agradecemos a atención e bo funcionamento de *Hito*, revista da asociación burgalesa, e tamén a do boletín da asociación zaragozana, que nunca faltan á cita.



Centro de Documentación de S. Zoilo

Ó regresarmos de Teruel visitámo-lo albergue de Castrojeriz, do que se encarga Resti, e mailo Centro de Documentación instalado no mosteiro de San Zoilo (Carrión de los Condes). Se ben o espazo comeza a resultar escaso para tan abultado fondo bibliográfico, musical e de imaxe (fotos, diapositivas, videos, etc), é de xustiza levanta-lo chapeu polo labor aló programada por Angel Barreda. Ademais, a divulgación realizada a través do boletín propio, que resulta de grande utilidade para os amantes dos libros do Camiño. Soamente lle teríamos que poñer un pero, referente a esa clasificación tan *sui generis* que se fai dos libros editados en catalán ou galego, marxinados nunha especie de terra de ninguén ou *ghetto* ('outras linguas do Estado') cando deberían formar parte, coa maior naturalidade do mundo, das seccións temáticas principais. O centro, cun horario amplo e un servizo de préstamo, está a disposición de todos vos para calquera tipo de consulta.

II Concurso Liber Peregrinationis

Lembramos ós nosos lectores que xa practicamente non queda tempo para participar no Concurso de Diarios de Peregrinos convocado pola *Asociación de Amigos del Camino de Astorga*. Un membro da AGACS está convidado a formar parte do xurado que elixirá os gañadores. A extensión dos traballos está limitada a 100 folios, e deberán recoller experiencias de peregrinos vividas entre 1993 e 2002, para o cal deberán acompañalos diarios da credencial debidamente selada ou da Compostela (fotocopia). Deberán ser enviados tres exemplares sen asinar e cun lema, polo sistema de plica, á Asoc. de Amigos del Camino de Santiago de Astorga y Comarca, Certamen 'Liber Peregrinationis', aptdo. 35, 24700 Astorga (León). O primeiro premio é de 1.500 euros máis unha estada de dúas persoas, durante tres xornadas, nun hotel de Astorga. O segundo, con 750 euros de dotación, inclúe o mesmo agasallo de tres días nun hotel asturicense. Admítense traballos en alemán, francés, inglés, italiano, latín, portugués, castelán, catalán, galego e esukera.

Folleto de El Vendrell

O noso querido socio Xerardo, galego de pura cepa afincado en El Vendrell (Tarragona), ademais de participar activamente cada ano na peregrinación a Fisterra e Muxía e outros actos nos que está presente a asociación, fíxonos chegar diverso material informativo da localidade catalana. Especialmente relevante resulta o folleto sobre o Camiño do Vendrell a Zaragoza polo Ebro, e máis concretamente destinado a trata-lo tramo El Vendrell-Lleida, coincidente coa ruta dos grandes mosteiros cistercienses de Santes Creus, Poblet e Vallbona de les Monges.





O CAMIÑO DOS HORRORES

Inauguramos hoxe esta nova sección, aberta a tódolos socios e lectores, para amosa-la outra faciana das nosas rutas de peregrinación, a cotío enxalzadas e loubadas polos políticos e os medios de comunicación pero en moitos casos esquecidas, danadas ou estragadas polo feísmo constructivo e algunhas intervencións públicas de escaso rigor. Para elo contaremos coa imaxe, de abondo contundente, para amosa-la desfeita ou a desolación, pero tamén co comentario da persoa que a presenta e suscribe a denuncia. Agardamos que esta galería dos despropósitos sirva para motiva-las administracións responsables como chamada de atención sobre o que fan algúns cidadáns e permiten certos alcaldes. A fin última é a de provocar no espectador unha reacción perante a imaxe dun Camiño idílico e tan cheo de galardóns que ninguén agardaría atoparse cou -sas como as expostas.

J.A. de la Riera

ATENTADOS EN EL CAMINO (Y ALGUNA SATISFACCIÓN)

La Asociación lleva empeñada, desde su fundación, en la denuncia de los atentados que los Caminos a Santiago vienen padeciendo, muchas veces (desgraciadamente la mayoría) ejecutados por quíenes deberían velar precisamente para que el Camino llegara en el mejor estado posible a las generaciones venideras, concretamente y sin tapujos: Los mayores atentados, auténticas aberraciones, las están cometiendo algunos alcaldes del Camino, sobremanera del Camino Francés, teóricamente el más protegido y declarado Patrimonio de la Humanidad por la Unesco. Reconocemos el esfuerzo de la Xunta de Galicia (y muy particularmente de los técnicos, de los profesionales) que se despepitan, se esfuerzan en acudir allí donde estos cafres ejecutan las mayores atrocidades. Pero hay que darles armas, un poncio local hace lo que quiere, lo que le da la real gana en el territorio de su tribu: El asfaltado de cien metros de Camino es un voto. Por tanto a asfaltar, les importa un bledo. Libredón, siguiendo la línea que se marcó de defensa a ultranza del Camino de Santiago, denuncia una vez más estos atentados. En paralelo, cuando se cuida el Camino, cuando se pone interés en su protección, en su salvaguarda, no tenemos empa-cho en reconocerlo.

J.A. de la Riera

Quand nous fumes au pont qui tremble... nous prions la Vierge Marie

(“Grande chanson”. Canto medieval de peregrinos franceses)

¡Noraboa ós encargados da mantenza do Camiño! ¡Xa era hora de que deixaran de limitarse a botar zahorra, area e terra e se decidiran a recuperar vellas tradicións!



Os peregrinos franceses, no Medioevo, pasaban un gran medo ó cruzar una ponte, que “tremaba” o seu paso, sobre unha ría asturiana. Para que os peregrinos actuais sintan algo parecido, a pasarela metálica de Portomarín leva máis dun ano neste lamentable estado.

O mesmo se pretende que o Apóstol repita a milagre do cabaleiro salvado das augas coas roupas cobertas de cunchas de vieira. O malo é que no Miño non se da este preciado molusco. ¡Isto xa é poñerllo moi difícil ó Santo! ¿Non sería millor optar pola solución “racional”? ¡Amañar a ponte dunha vez!



BELÓN ATACA DE NUEVO

Quousque tandem abutere patientia nostra...? gritaba Cicerón al, más que atrevido, incauto Catilina hace más de 2000 años, y lo mismo tenemos que gritar nosotros ahora al ya famoso y reconocido “enemigo” del camino, Carlos Belón, alcalde de Samos.

Con ésta son ya tres las veces que nos desgañitamos con este singular personaje, digno representante del más rancio y supino desprecio carpetovetónico hacia todo lo que represente cultura y desarrollo sostenible. ¿Y cuál pensáis que puede haber sido la última ocurrencia de este nuevo Atila, “marqués del chapapote” y “conde de la deforestación”. Pues nada menos que pretender construir un polígono industrial justo en la zona en la que el Camino, tras cruzar la carretera Pedrafita- Sarria inicia su bajada al pueblo de Samos. Es éste un tramo de unos 300 metros que en gran parte, además, está bordeado por el viejo muro del s. XVII que delimitaba las posesiones del monasterio. Resulta fácil adivinar el destino que le esperaría de prosperar la iniciativa. En el s. XIX, con motivo de la desamortización de Mendizábal, parte de las piedras del monasterio de Sobrado fueron utilizadas para hacer una carretera. Le sugerimos al señor Belón que utilice las de esta histórica muralla en autoerigirse un monumento, similar a esa mamarrachada de los autotitulados “cabaleiros e damas do Camiño” en las cercanías de Melide.

La noticia de la pretendida “desfeita” llegó a nuestros oídos a través del prior de la comunidad benedictina y de varios vecinos que se han constituido en comité anti-polígono. No es que se opongan a su construcción, sino a que sea en ese lugar. Aestos vecinos, además de las razones históricas les mueven otro tipo de motivos, pues, al parecer, las tierras que se ocuparían son de las más fértiles y ricas del concello. Han llegado incluso a ofrecer al ayuntamiento lugares alternativos.

“A Dios rogando y con el mazo dando”. El día 5 de junio presentamos ante el ayuntamiento un texto de cuatro folios de alegaciones en contra del proyecto. Nos basamos en los artículos 6.1, 16.1, 11 y 21.1 de la Ley de Protección



del Camino de Santiago, que, entre otras cosas, sostienen que *en las zonas laterales de protección* (compuesta de dos franjas de 30 m. de ancho a ambos lados) *no se permitirán más usos que los que sean compatibles con la conservación del Camino* y que se considerará infracción muy grave *toda actuación que suponga la destrucción de parte del Camino o de sus elementos funcionales, incluido el arbolado*. Invocamos también la Ley del Patrimonio Cultural de Galicia en sus artículos 17, 18, 25 y 32, que recuerdan a los ayuntamientos que *tienen la obligación de proteger, defender, realzar y dar a conocer el valor cultural de los bienes integrantes del patrimonio cultural*.

¿Es así cómo pretende respetar el patrimonio cultural de su municipio el señor Belón? ¿Pretende atraer el turismo cultural de esta forma? Le sugiero un texto para los folletos: *Visite Samos, le garantizamos que sólo pisará asfalto, no correrá peligro de darse con la cabeza contra los ramas de inoportunos y centenarios robles, pues los hemos talado, y si es cierto que hay aquí un gran edificio viejo e inútil llamado monasterio, no se preocupe, estamos haciendo todo lo posible para reutilizarlo como fábrica de cemento*.

De la alegación fueron enviadas sendas copias a las Consellerías de Cultura y de Ordenación del Territorio. ¡Señores Pérez Varela y Cuiña, en sus tejados está la pelota! Confiamos en que de una vez por todas se hagan las cosas como se tienen que hacer y se paren los pies para siempre a tanto impresentable que piensa que los votos son patente de corso para hacer y deshacer a su antojo en sus feudos, nunca mejor empleada la palabra.

Lo que sí le garantizamos, señor alcalde de Samos, es que su huequecito en la Historia se lo está labrando bien labrado, un poco inferior al de Eróstrato, pero parecido. ¿No sabe quién fue? Mírelo en una enciclopedia. La “e” está entre la “d” y la “f”.

T. Chao



Respecto a Samos: ¿Qué decir que no hayamos dicho ya? Su alcalde es un enemigo declarado del Camino de Santiago. Después de asfaltar parte del trazado por el río Oribio (por lo dicho, cien metros de asfalto un voto) y cepillarse arboles centenarios, ahora ha planteado la construcción de

un Polígono Industrial que afectaría a 300 metros de Camino y a todo el entorno de los restos de la vieja muralla medieval del monasterio. Hemos presentado las pertinentes alegaciones, esperemos que las autoridades encargadas de velar por el patrimonio (que tampoco es de ellos, es de todos) pongan coto a lo que sería un atentado, una aberración, difícil de comprender para nadie que ame tanto el Camino de Santiago como nuestro patrimonio cultural.

J.A. de la Riera

De volta polo Camiño Primitivo unha década despois

Aló van dez longos anos teimando no rastro do primeiro peregrino pola rota primitiva, a vereia antiga dos monarcas astures vía recta ao Libredón pola Cidade do Sacramento, primeira urbe galaica. Foi unha erupción fulgurante que espertou de súpeto aquel ancián adormecido, concitando os soños reprimidos do máis vello dos camiños, sobre o que agroma o grosso tronco primixenio da árbore das calzadas no que galla a máis tupida fronda desa rede viaria onde as ramas fillan e devoran os anxeios de tan vetusta raíz.

Con todo, logo desa eclosión primeira que deu cumprida resposta aos esforzos denodados dos *Amigos do Camiño Primitivo* por salvar o itinerario histórico de Afonso II aquén ou alén do porto do Acevo, nunha irmandade galaico-asturiana digna da mellor estirpe dos cabaleiros santiaguistas congregados o ano 92 no alto da serra buronesa do Hospital de Montouto onde converxen os romeiros dos camiños astur-leoneses do Salvador; logo de forzar a rectificación dunha política contranatura que excluía ou relegaba nos ámbitos oficiais a matriz dos camiños xacobeos, e de conducir desde a base, pobo a pobo e pedra a pedra, o non sempre grato proceso de concienciación verbo da imperiosa necesidade de insuflar seiva nova por esta gastada arteria que se move ao biés polo interior do país, directo ao corazón polo cuadrante nororiental galego tan precisado de autoestima; logo de tantas canseiras, de tantos andares e xenerosas entregas, queda un pouso agridoce, un resaibo non exento de amarguras...

De certo que ninguén poderá xa usurparnos ese alto honor de ter feito renacer e mesmo rebautizar o camiño xacobeo máis antigo do mundo, cando levaba traza de se perder na maraña da rede turística que engulía as rotas de longa historia. O Camiño Primitivo ten agora entidade propia e vencemos na loita por desbotar aquela burda etiqueta de “Camino de Fonsagrada”, entelequia coa que os féridos e duros pretenderon despachar a vereia de vello e a súa ancestral memoria. Aínda así, era outra volta preterido na tan agardada como frustrante lei de protección dos camiños de Santiago, ao non ver plasmadas no papel as súas ansias emancipadoras do Camiño Norte ao que precede e co que non comparte itinerario físico nin proxecto de futuro.

Un forte abatemento percorre aos poucos a alma de quen ten procurado hai unha década a pegada sobria dos máis primitivos peregrinos. O ano 92 eu mesmo andei en solitario o camiño francés de Oviedo polo territorio galego: era unha calzada arcaica, vedraña, unha serventía andada, gastada polo uso e polo tempo, un camiño murado con valados de vello e árbores lindeiras de sombra nobre e corpo baril, un vieiro de pontes romanas, pontigos e ponticelas medievais, ao que se abrían mil e un portóns de casas grandes, camiño de ferradura na montaña, unha quenlla estreita que se tornaba camiño de carro en chegando aos vales da comarca lucense, con rodeiras labradas no penedo en seculares tardes de carrexo, camiño das feiras e da arrieiría, atallo apracible que me levou da Fonte Sagrada a Lugo pola vereia



tradicional, seguindo a traza máis cómoda, máis curta e máis sabia.

Hai dez anos, eu mesmo crucei o burgo lugués, a *civitas* romana e medieval, seguindo ese eixo vertebral que o camiño francés de Asturias deseñou de nacente a poñente nas entrañas da cidade. Daquela, pola Calzada da Chanca e da Ponte refulxían laxas de pedra antiga, lembro as lastras do Carril das Flores, do Burgo Vello e do Regueiro dos Hortos. Arriba de vinte séculos que impoñían e que máis dunha vez paseei sobrecollido entre o Burgo Novo e o vello hospital dos lazarados. (O propio fortín romano abriu os ollos das súas portas primeirizas para lle dar paso a este camiño iniciático que vai sendo engulido paseniña e solapadamente pola urbe mercantil, mesmo nos Hortos de San Froilán, próximos a urbanizar, camiño sobre calzada no itinerario de Antonino).

Superada tras complexos regateos esa fase mesquiña e cicateira que proxectaba consolidar unha absurda demarcación carente de rigor científico, fomos vendo como se erixían os novos albergues da Fonsagrada, Baleira e Lugo, malia seguir pendende a creación doutro centro de acollida no entorno de San Romao da Retorta -lograda a réplica do miliario de Calígula- e de Ponteferreira, sobre o condado do Mera, nese entrañable tramo da vía XIX de Lugo a Iria pola *Ponte Martiae* e a mansión romana *Brevis*, un treito de calzada histórica perpetuamente marxinado nese atávico

desfiladeiro que vela desde os seus flancos a maior concentración castrexa lucense, con epicentro no monumento soterrado de Bóveda. Reconducido en parte este escuro proceso, fíxose de rogar a primeira sinalización vertical do Camiño Primitivo, salferindo a paisaxe coas balizas que viñan tomar o relevo das nosas incipientes e certeiras frechas amarelas -xa esvaídas logo dunha década prestando apoio á memoria histórica-, e dos marcos de madeira artesanal custeados un a un polos *Amigos do Camiño Primitivo*. (Os máis lonxevos aínda lembran os letreiros de táboa



que delimitaran o Camiño polas terras buronesas hai xa máis de medio século).

Agora ben, ollando cara atrás, o entramado arqueolóxico e a dimensión cultural e natural do primeiro dos camiños vai a menos “como a correa no lume”. Dez anos despois, a delimitación do Camiño Primitivo segue pendente, e a Lei de Protección que se proclamaba como elixir máxico para evitar asaltos e atentados ás vías históricas de carácter xacobeo -aprobada por unanimidade no Parlamento galego- foi arrombada da circulación e caeu na inoperancia do saco roto tocante ás vías alternativas, por falta de vontade política -nin unha soa vez se reuniron os alcaldes do Camiño Primitivo para coordinar esforzos-, presións urbanísticas, ignorancia e prácticas apropiatorias que se perden na noite dos tempos. Curiosa e tristemente, na última década perdéronse máis quilómetros de calzada orixinaria -por *h* ou por *b*- que en todo o último século e o delicto de *camiño britado* ou *quebrantado* -un dos “casos de corte” contemplados na lexislación de Afonso X para a Terra de Santiago en relación co peche, estreitamento ou deterioro da calzada- está á orde do día, actuando con total impunidade non só particulares -como outrora- senón as propias administracións públicas e organismos das mesmas, dabondo negligentes canto á defensa do primeiro itinerario cultural, e o que resulta verdadeiramente exasperante, escudándose na ausencia dunha delimitación definitiva que a mesma administración ten postergado de xeito alarmante.

Esa é a dialéctica suicida que desembocou no recente arrasamento en Toques de máis de medio quilómetro do trei-



to mellor conservado no Camiño Primitivo de Santiago ou Camiño de Ovedo na Terra de Melide, entre as parroquias de Vilouriz e Vilamor, onde se atopaban restos importantes da hipotética vía romana que pasa camiño da Pena Ferrada; gravísima desfeita imputada ao propio goberno local do concello de Toques e ao seu alcalde, que -paradoxalmente- tiña aprobada en pleno a recuperación e promoción da rota xacobeá primitiva dentro do Plan Leader Plus Portodemouros...

Nesta última década, actuacións destructivas semellantes foron impulsadas con fondos públicos de distintas administracións na ampliación da estrada fonsagrada -un pastor magoábase un día destes en Paradavella de que lle tragaran o camiño francés cos barrancos da estrada-, na Cruz de Pedra da Vaqueriza -a calzada antiga foi server de recebo ás obras dunha vía paralela, indo parar á silveira o cruceiro de hai século e medio que identificaba tan senlleira encrucillada-, na Lomba de Castroverde -con sentenza condenatoria desque o mal estaba feito-, nas concentracións parcelarias de Poutomillos e Burgo de Negral que malia as reclamacións borraron as pegadas do camiño medieval e das frondosas carballeiras que lle prestaron abeiro, deixando á vista a cara máis árida da paisaxe perante o desleixo duns técnicos con corazón de ferro...

Todas estas desfeitas foron advertidas previamente, asistindo á incuria de quen tiña na man aplicar a lei de protección contemplada ao efecto. Se penoso resulta comprobar que particulares atrancan a vía pública e usurpan o itinerario histórico campando ás súas anchas -segundo ten acontecido á entrada de Lugo por Carballido, ou á saída en San Xoán do Alto, e nas terras buronesas da Fonsagrada, na Matanza do Cádavo ou nas localidades de Vilalle e Moreira en Castroverde-, devén patética a actuación agresiva de organismos que teñen ao seu cargo facer polo acervo cultural dos pobos que representan, inhibíndose reiteradamente das súas obrigas. Hai ben pouco, ante a invasión e intento de apropiación do Camiño Primitivo de Santiago no Mesón de Fraiás -casal de Pipe na cartografía medieval- en Castroverde, a carón da Pena Grande (lugar “sito en la feligresía de Moreira, según se parte de la peña grande que está junto e avajo del camino francés que va para la ciudad de Lugo”, 1534), con grave alteración da calzada histórica da vía francíxena pola Corredoira dos Chousos, incluíndo o desprazamento cara o exterior do muro de mampostería de granito a costa de engulir unha fonte tradicional e da modificación da propia traza e orientación do Camiño, temos que comprobar con escarmio como en escrito da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural asinado o 26 de febreiro do 2002, se esgrime como argumento para a indefensión do Camiño Primitivo a Santiago de Galicia que “(...) do conxunto das rutas xacobeas recoñecidas pola Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago, (...) unicamente a ruta coñecida como Camiño Francés (...) goza da protección que outorga a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia ós bens declarados de interese cultural (...)”. Dez anos de viaxe, unha norma avanzada e multitude de horas de entrega xenerosa, para unhas alforxas tan baleiras de pensamento e carentes de luz.

Por veces temos a sensación de que a inoperancia política conduce a que a mesma lexislación sobre patrimonio encubra actuacións vergoñentas contra as señas de identidade común, desbaratando ao chou para logo gastar en arranxos daquela maneira, investindo recursos humanos e materiais en promocionar algo que se permite estropear de modo sincronizado (véxase o enlousado de entronques irrisorios á entrada do territorio galego, para logo ter o camiño sen rozar e sen drenar). Unha de cal e outra de area. Tal é a disxuntiva na que se debate a comezos dun novo século o primeiro camiño de estrelas, aquel que hai só dez anos aínda exhibía orgulloso a súa virxindade, pudoroso como foi nas máis bravas invernías.

Máis que unha década, van dous lustros. Un quinquenio caracterizado por esa enerxía renovada traída por entusiastas voces anónimas -malia as cambadelas, que dou fe que as houbo- e outro lustro de contida incertidume propiciada polas actuacións timoratas e a indolencia de quen debía recoller a mensaxe. E sempre o latexo quente e o pisar calado daqueles que pasan cada día do ano por aquí, de primavera a outono. Ingleses, franceses, alemáns, valencianos, vascos ou asturianos... Veñen silentes e superan as dificultades erguéndose unha e outra vez. Sempre adiante.

Porque a terra de promisión non é termo, senón ideal, e só se alcanza andando eternamente...

Ricardo Polín



UHA GOZADA DE CAMIÑO

Para matiza-las calamidades da anterior sección, tamén inaguramos a presente co desexo de plasma-las melloras que imos atopando nas diversas rutas de peregrinación. Poden ser de todo tipo e dimensión: rehabilitación de monumentos ou vivendas, creación, como antano, de albergues e pontes, colocación de elementos de ornato viario, iniciativas artísticas e culturais, etc. Hoxe presentamos un adianto na espera das suxerencias dos lectores.

'LAND ART' EN TERRA DE CAMPOS

Bercianos del Real Camino é un pobo doutroa, e como tal padece un considerable proceso de envellecemento e falta de postos de traballo alternativos ós tradicionais (agricultura e gandería). Malia quedar a un paso da fachendosa autovía titulada do Camiño de Santiago, o progreso parece pasar por ela á mesma velocidade de cruceiro cós automóviles. A imaxe da decadencia é a da súa vella igrexa parroquial, coa torre de argamasa e tixolo derrubada, se cadra polo socavamento dos alicerces que lle fixeron as veciñas adegas, e a súa estrutura, irrecuperable, transformada noutro esqueleto que os elementos acabarán por esnaquizar en pouco tempo. Soamente o Camiño, co albergue que José Ignacio e os peregrinos están a rehabilitar no enorme e antigo casarón da rectoral, parece insuflar un pouco de vida nas tristes rúas de adobe.

Por fortuna, unha nova iniciativa vai permitir que Bercianos acade un recoñecemento internacional no panorama da arte contemporánea. Estamos a falar do proxecto 'Land Art' do apeadeiro, no que participan un senfín de institucións e empresas, comezando polos concellos de Bercianos e Sahagún, o de León, a Deputación Provincial e maila Junta de Castilla y León, o Instituto Leonés de Cultura, Renfe, Caja España, o Colexio de Arquitectos de León, a Universidade de León e mailas constructoras Arriegos e Ferroviario.

A idea de crear un museo sen muros, en pleno campo, non é nova, dándose as primeiras experiencias deste tipo, hai xa varias décadas, nos EE.UU. Aquí partíuse do material de refugallo pertencente á Renfe, que en lugar de ser soterrado, como proxectaba a empresa, servíu de material creativo para algúns escultores que foron convidados a participar na experiencia. Entre os artistas que crearon obras nesta primeira fase atópanse:

Begoña Pérez Rivera, Antonio Segura, Iraida Cano, Carlos de Gredos, Juárez & Palmero, Virginia Calvo, M^a José Vilar Molina, Kiyoshi Yamaoka, Antonio López Peláez, Javier González, Melquiades Ranilla, Agustín Ibarrola, Carlos Álvarez Cuenllas e Bruno Marcos.

Nas súas propostas atopamos variados tipos de aproximación a arte: están as creacións efémeras, así a gravación dun concerto de chocallos por Felipe Quintana e Nilo Gallego, ou o proxecto do xaponés



Yamaoka, consistente nunha queima anual de rastrollos cun grande silueteado en forma de templo nipón, dando lugar a un cerimonial; empregan algúns materiais reciclados, dando lugar a construcións chamativas (torre de travesas por López-Peláez); prefiren outros a intervención directa na paisaxe, con plantacións de cipreses en oito, consolidando a lagoa de Valdematas, mesturando terras de diversa cor e procedencia en cadrículas ou intervindo con formas arquitectónicas; están, por fin, as esculturas propiamente ditas, en diversos materiais, referentes á mitoloxía, á terra ou ó Camiño.

Esta proposta artística, con centro de interpretación no anigo apeadeiro ferroviario de Bercianos e nun vagón-oficina, estase a prolongar ata Sahagún e Gordaliza del Pino. Aínda pouco coñecida, é de supor que axiña constituirá un indiscutible atractivo para os camiñantes que percorren un tramo sempre calificado de monótono polas guías que nin entenden nin saben desfrutar-la realidade das inmensas chairas de Campos.

Saber reaccionar a tempo

Entre tanta desolación una satisfacción: Audasa -Autopistas del Atlántico-, que está construyendo la nueva autopista a Portugal, ha cumplido sus promesas. El inmenso tajo de la autopista impedía el paso de los peregrinos hacia el viejo puente de San Telmo. Pues bien, han vallado un desvío alternativo para peregrinos, lo han señalizado debidamente con grandes señales metálicas, han situado carteles para que los operarios pongan atención en el paso de peregrinos y están construyendo una gran pasarela, exclusiva para peregrinos, para dar continuidad al paso del Camino. Enhorabuena, han cumplido. No estamos en contra del progreso, pero si en contra de las salvajadas, de la incuria y de la prepotencia. Cuando hay que denunciar lo hacemos y cuando hay que reconocer el interés por el Camino de Santiago y el trabajo bien hecho lo hacemos también.



“ A m a p o l a ”

1º Premio do II Concurso de Relatos Breves

Autora: Flor de María Melgar

Sentada después de un largo descanso en una cama que desconoce, se levanta... busca la hora como si no supiese que por más de 30 años no ha llevado un reloj en su muñeca. Su largo pelo lleno de canas blancas y grises cubren su cuello y su espalda. De nuevo en un cuarto con muebles que no le pertenecen, una ciudad y un país ajeno llenos de recuerdos viejos, Madrid, España.

La hora es importante sólo porque tiene que tomar el tren a Pamplona. Casi han pasado 35 años y Madrid continúa vibrando, el metro sigue lleno de personas que van al trabajo o de turistas buscando museos o un hostel donde quedarse, los comercios continúan cerrando al medio día sin cuidado alguno de que alguien quiera almorzar o comprar una tarjeta postal.

Su figura, aunque la de una mujer vieja, todavía muestra haber tenido la energía de una joven sensual, con ojos y piel canela, un lunar en la mejilla izquierda que la diferenció siempre de las chicas de su escuela y una sonrisa deslumbrante que reservaba sólo para aquel que ella encontrara digna de verla. Amapola toca el sencillo collar que lleva puesto para asegurarse de que la medallita azul de la Virgen de los Milagros, la cual no se ha quitado desde aquel julio de hace 35 años, continúa adornando su cuello. Al tocarla como suele hacerlo varias veces al día, se llenan sus ojos de lágrimas, ya que inmediatamente su mente es bendecida por la visión de un cabello rojizo y unos ojos color café enormes que la bañaron de amor un mes de junio en Roncesvalles, camino hacia Santiago de Compostela; la medallita azul simboliza aquel amor.

Amapola ve a su derecha el cuaderno color gris, anteriormente negro, con las páginas casi deshiladas, como si los años a propósito las hubieran arrancado una por una. Curiosa. Curiosa lee una vez más la entrada de su diario, que figura así: Nueva York Junio 2, 2002. “Ansiosa por empezar a caminar y estar sola durante mi camino, me he cortado el cabello. Necesito no atraer a nadie para que no me distraigan de mis metas. Tengo las siguientes preguntas que resolver: ¿Por qué quiero caminar? ¿Quién me acompaña? ¿Qué pienso descubrir? y ¿Por qué estuve en una relación en la cual no estaba satisfecha? Además me gustaría evaluar y pensar en lo siguiente: Cómo mejorar mis relaciones con mis amigos, con mis viejos y con mis hermanos, evaluar y descubrir la relación conmigo mismo y como puedo mejorarla, aclarar lo que quiero hacer en un futuro, seguir practicando leyes o seguir mi pasión de querer de una u otra forma mejorar un poco el mundo”.

Al terminar de leer, Amapola sonríe, pues esas preguntas a las cuales les buscaba respuestas ansiosamente y las cosas que figuraban como su meta, todavía siguen como preguntas sin respuestas y metas sin realizar. “Ah, la vida”... Amapola decide levantarse. Al verse en el espejo se da cuenta que el brillo de sus ojos ha sido remplazado por una nube de tristeza y un aguacero permanente al lado izquierdo de ellos. “Estoy muy vieja para estas cosas” exclama esperando una respuesta afirmativa, ¿pero de quién? Tal vez del viento o tal vez como de costumbre, de muy dentro de sí misma. Al igual que las olas llevan las barcas hacia la orilla del mar, Amapola se deja llevar hacia otra entrada de su viejo diario, recordando: “Desde el primer momento en que lo vi sentí una sensación familiar. Sentí que mucho antes lo había visto... y que me esperaba. Siempre, siempre me esperó. Sin saberlo, me esperaba en Roncesvalles, y luego durante el Camino, cuando a veces se adelantaba, me esperaba antes de entrar a un albergue, a la vuelta de una calle, en medio de unos cipreses, en la cima de una montaña, enfrente de una iglesia, al lado de un río o simplemente al pie de una flecha amarilla. Su nombre, Jerónimo. Jerónimo llegó a mi vida como parte del Camino; de la forma en que encontré el palo que me acompañó hasta Finisterre, Jerónimo y yo caminamos juntos hasta el final, hasta Santiago de Compostela.

Comencé el Camino sin querer atraer a nadie. Mis preguntas y el estar conmigo misma eran lo más importante, pero muy pronto me di cuenta de que el propio Camino son las personas que lo caminan; el sendero que seguimos a través de flechas amarillas es solamente el vehículo que nos lleva para alcanzar muchas metas personales, que varían entre razones de atletismo, promesas de amor a seres queridos, razones de olvido, deseos de conocer a otras personas o simplemente encontrar sin buscar. Para mi suerte, me di cuenta de que Jerónimo no era simplemente una distracción, que era algo más que eso. Al principio yo luché contra el destino, ya que no quería ser distraída de mis metas y de mis preguntas, sin embargo pronto aprendí a quererlo y a descubrir que él era parte de mi Camino y que lecciones valiosas surgirían al estar con él. De esta decisión no me arrepiento ni un minuto.

Jerónimo y yo caminamos hasta cada pueblo muy despacio, nadando en el aroma de las flores, preguntándonos de vez en cuando la razón de nuestro encuentro, no sabiendo el nombre del siguiente pueblo, cómo sería la dificultad del Camino ese día, tampoco sabíamos si sobreviviríamos juntos el trayecto de más de 600 kilómetros o si al finalizar el Camino sabríamos del uno o del otro. De vez en cuando, preguntándonos como él siendo de Francia y yo de El salvador, podíamos, en lo que pareciese un instante y una vida a la vez, formar una conexión llena de amor, de risas y de conversaciones largas, de silencios cómodos y de una forma de



II Concurso de Relatos Breves

amar llena de regalos en forma de flores, de notas sostenidas por rocas, de mensajes escritos en la tierra del camino, de miradas dulces que comunicaban el canto de nuestros corazones. Las preguntas sin respuestas concretas para mí suelen ser las más bellas, especialmente en esta ocasión.

Junto a Jerónimo aprendí a ser yo misma más que nunca. Nos reímos como chicos en la escuela, aprendimos a disfrutar de nuestras personalidades y a querernos aun cuando quería yo empujarlo de la montaña de O Cebreiro o de una colina en Saint Jean Pied de Port. Lo que el Camino tenía preparado para mí eran incalculables lecciones de amor. Aprendí a ser abrazada cuando tristemente no sabía como aceptar cariño, aprendí a recibir regalos tan simples y tan gloriosos como las amapolas que dejaba en el suelo como obsequios de amor, aprendí a que el hombre con quien yo quiero estar verá primero mis ojos y a través de ellos mirará mi alma antes que mi aspecto físico. Aprendí a dejar mi ego en los montes del Camino y a buscarlo a él aun cuando quería que me buscara a mí. Y sí, me buscó. Me buscó y me habló, me dijo siempre que me quería, me lo dijo siempre con palabras, pero más que nada me lo dijo con sus acciones y con sus ojos, esos ojos café que nunca dejaron de verme.

Lo que aprendí en el camino fue la lección más hermosa: el amor. Conocí el amor de primera vista. Me embadurné de sus caricias, de sus sonrisas y de sus lágrimas. El Camino me puso el amor como lección principal. Yo, que era lo último que buscaba, fue lo primero que encontré. Recuerdo que en una de nuestras peleas, la única vez que se fue delante de mí sin yo saber si me esperaría o no, ocurrió, después de bajar la montaña de O Cebreiro. Lo dejé ir, caminé sola ese día, y en mi camino encontré un lazo blanco, un ramo de flores y una botella de agua. A la entrada de Vega de Valcárcel, pensando yo que él estaba allí, no quise quedarme, pues no quería verle y algo me jalaba para el próximo pueblo. En mi camino encontré un ramo de amapolas sostenidas por una piedra y me di cuenta de que sí, que me esperaba en Ruitelán. Recuerdo que mi corazón palpitaba fuerte al verlo, y más que nada, recuerdo sus ojos y lo mucho que vi en ellos, y que hasta ahora están grabados en mí, como lo está la noche que dormimos afuera, acompañados por la espléndida luna en el Arroyo de Sambol, o la primera vez que los vi en Roncesvalles o en la iglesia de San Juan de Ortega, cuando mirándonos compartimos casi una experiencia religiosa. Sus ojos café llenos de lágrimas, llenos también de mucho ego y de mucho orgullo, pero cubiertos de amor y arrepentimiento, nunca los olvidaré.

Amapola, limpiándose una que otra lágrima, dice que es hora de irse, es hora de arreglarse para tomar el autobús hacia Pamplona y luego hasta Roncesvalles. Se levanta, usa como de costumbre su vestuario negro, recoge su cabello en un moño y se larga. Mientras viaja en el autobús, recuerda Amapola el adiós. Recuerda que con Jerónimo caminaron aun más despacio los últimos 200 kilómetros para alargar de una forma u otra el camino que compartían juntos. Sabía Amapola que llegar a Santiago significaba algo más que el final del Camino, significaba que el amor entre Jerónimo y ella moriría como mueren las mariposas al dar a luz. Y así sucedió, ambos habían estado de acuerdo en no decir la palabra "adiós". El le decía que iba a tomar café y a comprarle magdalenas como solía hacer todas las mañanas, y ella lo esperaba. Esa mañana, cuando Jerónimo dijo que iba por magdalenas ambos se abrazaron sin decir adiós y lloraron. Compartieron un abrazo y un fuerte beso, como solían hacerlo bajo el sol ardiente entre Navarra y León, o cubiertos por la lluvia camino de Ligonde, o disfrutando del amanecer saliendo de San Juan de Ortega camino a Burgos, o el amanecer el Monte del Gozo hasta Santiago. Ambos sabían que si nunca se volvían a ver, aquel amor incomparable que compartieron, duró una vida y un instante, y jamás sería reemplazado o repetido, y de esto Amapola se sentía feliz.

Amapola llegó a Roncesvalles, donde no ha estado en más de 35 años y donde había prometido estarlo en esa fecha y hora. Al llegar recuerda tiernamente lo bello que fue amarle. Entra a la capilla y, como de costumbre, se sienta en el último banco, y en vez de pedir, escucha. Unos instantes después siente como que el viento azota en su lado izquierdo; sin levantar la cabeza, espera... una voz familiar, acompañada por una caricia estremecedora, cubren el momento y su corazón. Sin necesidad de abrir sus ojos o de preguntar quién es, Amapola, suspirando, dice: "Siempre fuiste como agua en mi desierto". Jerónimo toma asiento a su lado, agarra sus manos y besa ambas dulcemente diciendo: "Te esperaba... como siempre te esperé".

Brooklyn, Nueva York, noviembre, 11, 2002. Se escucha el sonido de un despertador. Lentamente Flor se levanta y piensa: "Qué sueño tuve, soñé que caminé por el Camino de Santiago, me enamoré de un chico francés llamado Jerôme, y en mi sueño estaba vieja recordándolo aún". Flor camina hacia el cuarto de baño después de recoger su cabello, lava su cara, levanta su mirada hacia el espejo y de repente se le oye decir: "¿Y esta medallita azul?"



“ El Nexo ”

2º Premio del II Concurso de Relatos Breves

Autor: Leonardo Fernández Ridano

Sentado en el pasto miraba los techos lejanos. Intentaba comprender alguna de las tantas sensaciones que revoloteaban en mi interior, impresionante cóctel de emociones, recuerdos y sueños que giraban y giraban mezclándose, golpeándose, destrozándose y uniéndose nuevamente. Ansiedad, miedo, tristeza, alegría... eran palabras que surgían mezcladas y sin demasiado fundamento. “¿Vale la pena recorrer los kilómetros que faltan? ¿Es necesario llegar al final? Me encantaría disfrutar eternamente este momento tan particular.”

¿Cuántas veces el miedo nos inspira a quedarnos quietos, sentados, rogando que el tiempo se detenga para convertir esos hermosos instantes de transición en algo eterno? Recordé otra ocasión, días antes, en que me había sentido exactamente igual.

Eran las ocho de la mañana. Estaba cargando agua en el fuente de la iglesia, rogando que nunca terminara de llenarse la cantimplora. Era uno de esos momentos “nexo” entre diferentes situaciones. Luego de tantos años de imaginar esa situación, finalmente estaba a punto de convertirse en realidad. No había nada tan lindo como eso, y era absolutamente preferible si lo comparaba con el día anterior, una larga jornada llena de nervios, ansiedad y apuro oprimiéndome el alma. Pero a la vez, aquel había sido un instante mucho más suave y pacífico, menos desafiante y aterrador que el que me tocaba dar: el primer avance, el comienzo del final, el golpe de frente con la realidad. Me hubiera encantado agujerear la base de la cantimplora para que el agua que iba entrando por su boca se fuera escurriendo por el fondo. Me pondría cómodo, prendería un cigarrillo y, sin sentir remordimientos, saludaría a los peregrinos que fueran dejando atrás Saint Jean Pied de Port.

Pero el litro y medio no tardó mucho en completarse. Si más excusas, mire la Puerta de España frente a mí, los Pirineos al fondo, me encomendé a quien quisiera escucharme y di los primeros pasos.

Mientras mi cuerpo sufría la terrible subida, mi mente intentaba justificarse recordando los motivos por los que estaba ahí: sueños de cambiar, de crecer, de madurar, de quebrar una vida monótona que jamás sentí haber elegido; la posibilidad de reencontrarme con aquel catolicismo que había escondido en un cajón interno hace años; caminar tranquilo, sin más compañía que un bordón, pensando, soñando. Podría replantearme demasiadas cosas y, posiblemente, encontrar la lave, la gema, la palabra diferente mientras recorría el norte de España usando solamente mis piernas como vehículo...

Pero en medio de los Pirineos, escondido tras gruesas gotas de transpiración y subiendo más con la capacidad de la tozudez que con las pocas fuerzas de mi cuerpo sedentario, imaginé que más adelante comprendería cómo funcionaba la cosa. Porque ese día no resultó ser más que un sinfín de exigencias físicas. Y las dos jornadas siguientes, también.

Dampflona me encontró con más dudas de las que tenía antes de partir y Fuente la Reina con mucha más ansiedad. La hermosura de los paisajes navarros solamente pudo amortiguar un poco tanta incompreensión. ¿Cómo iba a encontrar lo que estaba buscando?

Recién ahí comprendí, que ya no sabía qué era exactamente lo que perseguía. Debo admitir que en el fondo de mi ser esta noticia me alegró, finalmente podía relajarme ya que sólo quedaba caminar.

Hace falta no buscar para encontrar. Aprendí de la compañía de otros peregrinos a caminar cuidándolos, sin pensar tanto en mí; de un riojano recibí mi vieira, la idea de un camino tradicional y muchísimo amor; de una noche en el albergue de Logroño, otra visión completamente diferente del mismo camino. En Nájera coseché mi primera ampolla y en Santo Domingo de la Calzada compartí con sus habitantes la fiesta de su santo patrono; en Navarrete me enteré de mi padre estaba en terapia intensiva y regué de lágrimas, dudas y reproches los campos burgaleses. En San Juan de Ortega me regalaron amor, una sopa y el café de la mañana, y en Burgos, ya más tranquilo, decidí barajar de nuevo.

Por correo envié ocho kilos de miedos, dudas y ataduras. También el dolor de espalda y la cabeza baja. Empezó una nueva etapa y con ella, una novedosa peregrinación interior que volvería a mostrarme mi vida desde el principio. Mientras el paisaje se iba achatando y durmiendo, mi mundo interno me desafió entre risas, angustias, recuerdos y sueños; me dio repuestas que no había pedido y preguntas que no cuestioné. En mi camino comencé a encontrar gente que me explicó lo que nunca había preguntado o que me demostró cosas que hace tiempo había descartado de mi realidad.

En Carrión de los Condes quise interferir, acelerando el paso para salir más rápido de tanta monotonía visual. Pero solamente conseguí un tirón de orejas a cambio, materializado como siete ampollas en un dedo, cinco más esparcidas en los pies, una amargura incomprensible y un cansancio demoledor. Había encontrado mi límite, una de las formas de cortar la monotonía de mi vida, aunque, desgraciadamente, la menos agradable. Dejé Sahagún cabizbajo, renqueando, deprimido. Poco faltó para quedar fuera.



II Concurso de Relatos Breves

Un, dos, tres pasos y dejé atrás León. Villadangos del Páramo me aburrí y Hospital de Órbigo me alentó mostrándome un paisaje que volvía a cambiar. El páramo había dejado tantas cicatrices como conceptos nuevos para viejas palabras conocidas: el "tiempo" había dejado de ser un reflejo del paso de los minutos en un reloj, convirtiéndose en un extraño motor que producía nuevos pensamientos dentro de mí, las horas de caminata se convirtieron así en cantidad de pensamientos. La "distancia" había hecho una alianza con mis piernas y ambas iban juntas, ya no era un mojón en la ruta sino un sueño, una meta, un dolor, cansancio o simples ilusiones. La "velocidad" había perdido su relación con el tiempo para transformarse en nuevas sensaciones, en la posibilidad de ver, descubrir, sentir, oler y oír el mundo. El "horizonte" ya no era aquella línea inalcanzable, éste había pasado a ser la frontera que diferenciaba pueblos, valles, momentos en mi caminar o triunfos que en algún momento había creído remotos.

Pero lo que más había cambiado era el camino que estaba recorriendo. Esa franja que cruza el norte de España de este a oeste, ese desafío a vencer, esa experiencia a vivir, ese reflejo de la historia, esa excusa para meditar caminando. Sus viejas definiciones se habían esfumado transformándose, éste, en un ser vivo: el Camino. Ese ser que hurgaba todos los días dentro de mí buscando miedos y alegrías de antaño para traerlos nuevamente a flote, realizarlos y llevarlos hasta lo inimaginable. Santiago de Compostela había de ser el objetivo principal y pasó a ser simplemente la meta. El camino era el verdadero maestro, mi compañero, mi verdugo y mi salvador. El Camino se había transformado en el auténtico objetivo de esa etapa de mi vida.

Comprendí que finalmente me había convertido en peregrino, y de esa manera me enfrenté a los montes de León. Paso a paso vivía el momento. Un bello atardecer en Santa Catalina de Somoza, una suave caminata hasta Rabanal del Camino, las fantásticas vísperas en la iglesia de este pueblo y la fiesta de inauguración de un bar fueron regalos que me fue haciendo el Camino. También me dio un hermoso café en el despojado Foncebadón y, finalmente, envuelto en una densa niebla encontré la respuesta que buscaba hace años. Vi la muerte. Ahí, al lado mío. Hablándome de Dios, de paz. Suave paz. Dulce paz.

Fue difícil aprender de los pasos siguientes. Villafranca del Bierzo, Ruitelán, O Cebreiro, Triacastela, Portomarín, Sarriá coincidieron con grandes mezclas de emociones dentro de mí. Cautivado por el hermoso paisaje, viviendo caminos de leyenda, mi ser peleaba por relajarse y dejarse llevar. Ya tenía la respuesta, sólo quedaba caminar para agradecerle al Apóstol Santiago.

No había imaginado que volvería a quedar petrificado, viviendo un momento nexa, deseando convertir los minutos en horas y las horas en días para quedarme ahí por siempre, sentado en el pasto. Intentaba comprender qué era lo que verdaderamente sentía. Lentamente se disolvió la confusión y una sola palabra quedó rebotando de un lado a otro de mi cabeza sin parar. Apego. El Camino había intentado enseñarme desde el primer paso que para disfrutar las cosas que constantemente me iba brindando debía soltar algo que en ese momento tenía. Creí que lo había aprendido, pero no. Y mi mirada seguía saltando perdida entre los techos lejanos, intentando retrasar esta nueva despedida. Lo más preciado que tenía en ese momento era el Camino en sí, y exactamente eso era lo que se me pedía que entregue para poder recibir algo nuevo a cambio.

Esa era mi nueva visión de la muerte, la de mi peregrinación, tan definitiva como sería la mía o la de la gente que amo. Sentía que había tantas cosas para aprender, tanto para caminar, tanto para vivir... Sin embargo, ahí quedarían los últimos pasos peregrinos, los últimos cansancios; conmigo bajarían solamente las incertidumbre de lo que seguiría más adelante, en el camino de mi vida. Pensé en la posibilidad de levantarme, girar en redondo y volver a recorrer el Camino en sentido contrario.

-Arquiconfraría comezou este ano a prestar servizo relixioso ós peregrinos, algo que entra dentro dos seus cometidos pero ate agora estaba un tanto descoidado. Para elo foi aceptada a proposta dun dos seus membros, para máis datos sacerdote salesiano, que desenvolveu tan complexo coma imprescindible cometido, durante unha quincena, na localidade do Cebreiro. É boa cousa que as institucións relixiosas non deixen de man un Camiño que logo critican como día a día máis secularizado e laico. Soamente con este tipo de iniciativas, sumadas á atención que xa prestan algúns párrocos, poderá manterse o espírito tradicional da peregrinación. O recurso ás estadísticas, xa se sabe... un brinde ó sol.

-Feliz noticia é a que nos chega desde Castrojeriz, onde Campo Ovidio chegou a un acordo de alugueiro e opción de compra co propietario daquelas venerables e fantásticas ruínas de San. Antón. Rematou así por fin a vergoña dos feros cans afastando ós peregrinos do que fora convento e hospital antoniano, día tras día máis estragado, e comezou unha obra de adecentamento e nova hospitalidade materializada na apertura dun pequeno pero acolledor albergue. Un absidiolo permite ós peregrinos pernoctar nun ambiente sumamente hospitalario, noutro foron instalados os servizos, en nun terceiro unha mesa para as comidas e reunións. As románticas ruínas reviven e os peregrinos alúcinan. Noraboa ó promotor.

-O pasado mes de abril foi presentado o novo vitral, do que é autor Gino di Valerio, doado á catedral de Santiago, e máis concretamente á súa capela do Rei de Francia, pola Sociedade Francesa de Amigos do Camiño de Santiago. Por unha falla de concreción entre o coengo fabriqueiro e a Consellería de Cultura, a peza non puido ser colocada no seu lugar de destino naquel entón.



Nova vidriera da Catedral, por Gino de Valerio



-Igualmente feliz é a noticia de que o mosteiro de San Juan de Ortega (Burgos), fito esencial e un tanto abandonado á súa sorte do Camiño Francés, verá de novo andamios e guindastres como consecuencia dun investimento de 4,8 millóns de euros por parte do Ministerio de Fomento (correspondentes ó 1% cultural) e maila Junta de Castela-León. A obra, que xa deu comezo coa restauración da portada conventual e cuberta, prolongarase durante catro anos.

¡As peores noticias!

-O Pórtico da Gloria atópase perigo, din os técnicos. Os falsos ritos, difundidos polo paiñoquismo tipo 'hai que face-lo que fai o que vai diante na cola e así sucesivamente', está a proporcionar escenas terroríficas ós abraidos composteláns e coengos. Todos baten a testa onde non deben para descanso da *santiña da memoria* ou *santo dos croques*, algúns meten mans e pés nas fauces dos monstros, e ata hai algúns que tiran refugallos das súas merendas polo mesmo lugar. Falta vixilancia, desde logo, algún garda da porra para tanto turista sen ilustración que abunda ultimamente nesta sociedade culturalmente deteriorada, e un estudio serio e rigoroso antes de colocalo fatífico metacrilato co que nos ameazan. ¡Que Deus nos libre de tal preservativo!, un adiamento, xa veredes, da prohibición de aperta-lo Apóstolo. Se cadra, a solución pode ser a seguinte: os que teñan credencial e Compostela, poden practica-los ritos milenarios baixo supervisión dun coengo escrutador. Para o resto dos mortais: mirar e non tocar.

-Lamentámo-la morte, no pasado mes de agosto (*El Correo Gallego*, 25-VIII-02), do sacerdote Jesús Arraiza Frauca. Coengó de Roncesvalles e Pamplona, fundador da asociación de Estella/Lizarra e investigador de temática xacobeas, na actualidade estaba a escribir unha historia do mosteiro cisterciense da Oliva. Descanse en paz.

-Seica agora se está a promociona-lo Camiño de Santiago en Singapur con fondos da consellería de cultura. ¡Qué maneira de tira-los cartos!, espetarán algúns con lóxica. Pero non esquezamos que xa están a chegar moitos peregrinos de Xapón, Australia, Nova Zelandia ou Sudáfrica. ¡Por qué non de Singapur?

-O xénero do esperpento pertence a proposta dunha luminaria local de Palas de Rei para erixir un muro, tipo Lugo, de nada menos cun quilómetro, onde peregrinos de toda caste e condición deixarían pegadas das súas botas (calcula unhas 300.000 pegadas). Inspirado en Hollitwood, o xenio promotor da idea parece querer pasar á fama con esta mampara de cemento que taparía a paisaxe durante 1.000 m. inmortalizando a quen por esencia debería ficar no anonimato. Pero o brillante promotor quere acompañala muralla dun lago, parque infantil, área comercial, restaurante e xardíns. Como dixo un comentarista, outra carallada do novo milenio na procura do maná do Xacobeo.

-Peregrinan moitos, falecen algúns. Un deles, francés de 78 anos, por un fallo cardíaco nos portos de Cize. A seguir xa se estiveron a reunir alcaldes e prebostes varios para resucita-la variante de Valcarlos/Luzaide, hoxe en día máis perigosa cá anterior polo paso de camiións cargados de madeira. Triste, tamén, a defunción dunha xove peregrina gaditana, de meninxite mal diagnosticada, no albergue de Rabanal.

-A sra. ministra de Educación e Cultura, dona Pilar del Castillo (ben acastelada ficou trala constatación das súas xacobinas e elitistas reformas), fixo de incógnito este ano algunhas etapas do Camiño desde Portomarín. Enterado Miguel Pampín, alcalde de Melide, de tan senlleira presenza, aproveitou a ocasión para nomeala nada menos que "Huésped Ilustre y Peregrina de Honor de la Orden de Cabaleiros e Damas do Camiño de Santiago", colocándolle o hábito de tan distinguida orde que planta arboriños no polígono industrial y bota grava sobre a calzada de Leboreiro. A ministra calificou a paisaxe interior galega de sobrecollidora; non sabemos se será polo bloque vista e o eucalipto queimado ou polo aroma a bosta de tantas aldeas. Logo calificou o Obradoiro, emulando a García Márquez, a praza máis fermosa do mundo. O mesmo dirá en Roma, Bruxelas, Venecia... se algún día vai por aló. No Camiño sobran os famosos, supostamente de incógnito, acompañados dos *paparazzi*.

-Entre mentres os peregrinos non paran de chegar a Fisterra, con 3.500 pernóctas no seu albergue a 30 de agosto, o teimudo mareante Rafael Muñelo segue a repartir, polo visto con venia do sr. arcebispo, excomuñóns para os que ousan facer tal. Na súa opinión, esta ruta "se acepta civilmente pero no por la Catedral, única que tiene potestad exclusiva para decidir que ruta pertenece al Camino de Santiago y cuál no". Agora vai ser, meus queridos amigos, que os camiños non os fan os camiñantes nin os peregrinos, senón os arcebispos de ballesta e báculo. Se cadra, Muñelo atópase enrabechado polo fracaso do seu negocio pola Ría de Arousa, e desexaría desviar, por privilexio papal, a toda esta tropa fisterrana ó peirao de Ribeira. Paciencia, sr. Muñelo, que todo se andará.

-Para rematar un titular de *O Correo Galego* (15-IX-02): "A Igrexa deixa sen Compostela a 15 peregrinos en cadeira con rodas". Os susoditos, procedentes de Elxe, fixeron sete xornadas de 15 a 20 km. e non recibiron o prezado documento por, segundo o redactor da noticia, vir dacadalo, en bicicleta ou a pé, que únicos medios de transporte recoñecidos. Como non podemos crer tanta maldade entre os responsables da oficina do peregrino, que en ningún intre desexarían amolar deste xeito ós eivados cando 'regalan' con tanta alegría outras *compostelas* ós famosillos, estamos persuadidos de que a noticia debe estar confundida ou manipulada.



JACOBÉAS

J. A. de la Riera

Camino Seguro. Beneméritas hermanas en peregrinación: En los últimos meses se han recibido una serie de avisos acerca de las andanzas de cierto sátiro que se suele mostrar por los bosques y encrucijadas de Barbadelo y Peruscallo, aunque debe ser un sátiro itinerante que también ha "actuado" por Ligonde y Eirexe. Su actividad principal consiste en enseñar sus vergüenzas a las peregrinas que caminan solas por esos parajes. Es decir, estamos ante lo que en el siglo se suele denominar un "exhibicionista". El problema sería de risa sino fuera porque el tipejo insiste en acompañar a las peregrinas durante algunos kilómetros haciendo "alarde" de unos, al parecer, más que modestos atributos.

Como resulta que, aparte de éste imbécil, ya ha habido el presente año un intento de violación en las proximidades de Sarria (el individuo fue detenido) y dado que los avisos recibidos son siempre de peregrinas (de momento no han llamado peregrinos, aunque todo se andará), éstas desglosas se complacen en hacer público un manual de uso contra sátiros y zoquetes variopintos. Naturalmente no todas las peregrinas lo precisan, la inmensa mayoría sabe de sobra como despachar a individuos de esta calaña. Pero hay otras que se alarman muchísimo y pasan un verdadero mal rato. Por otra parte cada vez son más comunes preguntas de la índole: ¿Es seguro el Camino? ¿Puedo caminar sola, debo buscar compañía?

Vademecum para actuar ante un lobo (un lobo imbécil) de dos patas:

I) El peregrino/a es el único ciudadano al que se le está permitido atravesar España perfectamente armado, con un arma imponente, con la única licencia de una vieira y una credencial. ¿Perfectamente armado? Sí, con el bordón. Pero no con cualquier palito, con el bordón clásico, el de reglamento, con el que tus antecesores a través de los siglos supieron hacer frente a los lobos de dos y de cuatro patas: Buena y recia madera, de alto como mínimo hasta tu hombro, y herrado, es decir, con un clavo de buen calibre en su parte inferior. Un arma formidable, prácticamente una lanza. Hay que dejarse de memeces de diseño y bastoncillos de esos de limpiar los oídos: ¡ El bordón con el que Nicola Albani fulminó al bandido que lo asaltó en la Serra de Labruja! ¡El que llevaban Delorme, Bonnezeze, Doménico Laffi! El viejo bordón de los peregrinos jacobeanos que puedes ver en cualquier estampa antigua. Tu compañero de viaje, tu amigo (a veces el único) tu colega del alma y... tu arma.

II) Con semejante artefacto no debes temer a casi nada (dejo aparte, claro está, lo sobrenatural,: El Vakner, la Santa Compañía, Orcavella y la madre que los trujo, para eso hay otros remedios que no son del caso) Vamos pues con el exhibicionista:

III) Una vez que el señorito en cuestión (u otro semejante) se presente, nada de vahídos de quinceañera ni lloriqueo alguno. Eso es lo que pretende, el problema lo va a tener él, así que:

IV) Mírale fijamente a los ojos. Intentará bajar la mirada. Tú no la apartes, mírale.

V) En ese momento, cuando cruces tu mirada con la suya, acciona el bordón por donde más duele, es decir, por la parte más afilada, apunta directamente a las "miserias" del individuo. Pero nada de un toquecito, tienes un arma, arréale con todo.

VI) Dará igual que tengas quince u ochenta años. El resultado será un individuo dando alaridos inclinado sobre si mismo.

VII) Es la parte, sin duda, más interesante. Hay dos formas de continuar repartiendo manteca: A) Lo que yo haría, que es con toda seguridad lo que me pediría el cuerpo, a saber, atizarle un bordonazo en la base del craneo B) Como eso que propongo es políticamente incorrecto -igual que servidor de usted- a la par que asaz medieval -idem- os detallo la siguiente alternativa para rematar la faena con todo aseo y esmero: Habíamos dejado al mequetrefe inclinado sobre si mismos y aullando por mor del centellazo recibido en las partes pudendas. Firmemente, ten la bondad de empuñar de nuevo tu bordón, ajusta si es menester el clavo, apunta al trasero del memo que lloriquea y... ¡Aláncealo también con todo, pero con todo, nada de remilgos ni miramientos! El resultado (te lo dice cualquier manual de esgrima) será un individuo saltando a la pata coja, llamando a su mamá, babeando de forma insólita e insospechada, aullando desafortadamente...

VIII) Llama a una ambulancia

IX) No te cortes y despacha el grito de Tarzán. También vale el grito del pavo real, no sé, en fin, tu verás, pero hazlo, sienta bien.



X) Se acabo el "Camino inseguro" y habrás hecho un favor impagable a las colegas que caminan detrás de ti. Alguien que tiene el coraje de caminar sola no debe permitirse perderlo ante un espécimen así. El miedo para él, nunca para ti. Por si sirve de algo, este verano llegó a Santiago Jann Ronney, una peregrina californiana de 48 años que ha hecho el Camino (sola) desde Saint Jean Pied de Port. Una mañana un atracador intentó asaltarla en el Camino. Jann no se cortó un pelo, valiente, serena y con confianza en si misma siguió el vademecum y el tipo salió con el rabo entre las piernas (El Correo Gallego, 18-08-2002). ¿Camino seguro? Claro que sí.

¡Viva el Sr. Arzobispo! Tanto va el cántaro a la fuente... que se armó una buena en la Pilgrims Bureau. El asunto ha sido ampliamente aireado en toda la prensa. Unos peregrinos minusválidos, de Elche, recorrieron 108 kms de Camino con sus sillas de ruedas, metiéndose con ellas por los tramos en que les era posible avanzar. No pudieron, por ese motivo, hacer exactamente los últimos cien kilómetros, pero se pegaron un julepe monumental, echándole todo el coraje del mundo. Una vez llegados a Santiago, la Oficina del Peregrino les negó la Compostela. Los pobres chavales rompieron a llorar, la mayoría eran muy jóvenes, pero no hubo nada que hacer. Los monitores, indignados, declararon que habían preguntado previamente al responsable de la Oficina y les había dicho que sí, que les daba el "certificado" sin problemas. Pero que ahora no lo recordaba, y por tanto, no había papel. A tal punto llegó la cosa que intervino D. Julián Barrio (con mucho, lo mejor de tan apostólica urbe) y parece ser que sí, que va a haber Compostela para ellos. Uno ha prometido ser bueno y modosito, así que no añado comentario alguno, para qué. Me remito a lo dicho: ¡Viva D. Julián!

¿Congreso Jacobneo? D. Elixio Rivas fue el primer presidente de nuestra asociación. Actualmente es presidente de honor. Querido y respetado por todos, D. Elixio nos presenta una vida dedicada al trabajo, al trabajo por y para una Galicia que se nos va. Doctor en filología, autor de docenas de publicaciones sobre las aguas, los molinos, el habla, las costumbres, los antiguos aperos de labranza, los castros, los viejos caminos de su Galicia, medalla Castelao... la luz de D. Elixio siempre era la última en apagarse en el Santuario de Os Miragres de Monte Medo, a sus setenta y pico años seguía estudiando, escribiendo, enseñando, completando el extraordinario museo que, pieza a pieza, ha ido montando a lo largo de su vida en el propio Santuario. Pero D. Elixio, además, ha sido el auténtico impulsor, investigador y máximo divulgador del Camino Meridional por Ourense, hoy conocido como "Prolongación da Vía da Plata". Es imprescindible su obra "El Camino Meridional a Santiago". Magníficas, exactas, documentadísimas, resultaron sus aportaciones en anteriores congresos jacobneos (vide actas Carrión y Finisterre) sobre su investigación sobre el antiguo hospital del Mons Miserum y sobre el Lavaméntula (Labacolla). Siempre recordaremos cuando, con ocasión de ser proclamado presidente de honor de nuestra asociación, le preguntamos discretamente sobre que regalo le haría más ilusión. Sin dudarlo, proclamó: Unas botas para poder seguir caminando. Y caminar con D. Elixio es una fiesta, sobre todo cuando se entra con él en los pueblos de su queridísimo Camino Meridional: Campobecerros, Portocamba, Laza... todos le quieren, todos le respetan.

Bueno pues a D. Elixio le han rechazado su comunicación para el Congreso de Logroño (VI Congreso Internacional de Asociaciones Jacobneas). No sabemos quién o quienes componen el "Comité Científico". Pero como tal congreso es en la Rioja, vamos a tirar, una vez más, de "román paladino": Muy señores nuestros, vayanse ustedes, cumplida, esmerada y aplicadamente a hacer puñetas. Sin dilación y sin más, vayanse. Todas las campanas del Camino repicarán a gloria.

Neanderthales: No hace falta ir a Atapuerca. Pululan por todos lados en forma de alcaldes. Afortunadamente no todos, pero muy representativos y reincidentes, son siempre los mismos. Son los que están destrozando el Camino de Santiago. Libredón está continuamente denunciando sus excesos, sus salvajadas, su prepotencia, su incultura... Son el cáncer del Camino. Una vez más animamos a la Xunta de Galicia a que les obligue a cumplir la ley, a que ponga coto a tanto desmán, a tanto sin sentido... lo último, Samos. A qué seguir.

Mercachifles: Vivir del turismo es lícito, es útil y además necesario. Utilizar el Camino de Santiago para estafar a los peregrinos, para señalar con flechas amarillas verdaderos antros donde toda peste tiene su asiento es una canallada. El peregrino viaja inerme, poner una denuncia representa pararse, papeleos, tiempo, muchos están en país extranjero... casi nadie lo hace. Pues bueno, esas autoridades que tanto se complacen en utilizar el Camino de Santiago como reclamo turístico que al menos sean consecuentes y le den leña al mono, que actúen de oficio, para eso están ahí y para eso se supone que cobran. Los peregrinos ya cobran lo suyo. Y casi nadie les da cambio.

Una buena. Lo de Audasa (Autopistas del Atlántico) en el Camino Portugués a Santiago. Las obras de la futura autopista parten en dos la pista forestal que lleva al puente de San Telmo. Audasa prometió señalar provisionalmente el desvío del Camino. Y no solamente lo ha hecho, (con señales metálicas) sino que ha añadido carteles de "Precaución, paso de peregrinos". A eso se le une una gran pasarela para salvar la autopista. Aquí nadie esta contra el progreso ni contra las obras necesarias sino contra las salvajadas. Prometieron y cumplieron. Nuestra enhorabuena.




Crítica Bibliográfica

“La Elipse templaria”

Autor: Abel Caballero.

Ediciones Martínez Roca. Barcelona. 2001. 442 págs.

Debo reconocer que el título me predispuso en contra. Está uno ya bastante cansado de elucubraciones “fantasmales”, en el peor sentido de la palabra, sobre los templarios y sus leyendas. Por otro lado,



la excesiva fragmentación temática en los primeros capítulos no auguraba nada bueno ni nuevo. Una vez más, pensábamos estar ante un intento ambicioso pero fallido de recrear, en este caso de forma totalmente “a-histórica” una Galicia medieval en relación con el Temple, el Papado y las monarquías francesa y castellana.

La trama se desenvuelve nada menos que sobre un supuesto intento templario de traer la sede papal a Compostela para instaurar el auténtico reino de Dios y de la paz. Todos estos dislates históricos, que horrorizarían a cualquier medievalista, van, sin embargo, poco a poco, encajando en una más que discreta estructura literaria perfectamente diseñada. Hay una intriga atractiva, en la que no faltan crímenes, traiciones y amoríos; unos personajes más propios de la novela decimonónica que de la actual, todo hay que decirlo, pero llenos de fuerza y simbolismo: el “caballero” Indalecio Avalor, la “dama” doña Cristina, el “personaje misterioso” Clermont y una especie de “doncella guerrero-política”,

doña Raquel Murías, personaje muy atractivo pero increíble histórica y socialmente.

Como recursos literarios empleados destaquemos los saltos en el tiempo y sobre todo el “fingimiento” de los documentos hallados siglos después que aclaran al lector la solución de la intriga.

Resumiendo, una buena novela sin llegar a extraordinaria, amena y bien estructurada. Una muestra de que el esoterismo no tiene por qué estar reñido con la calidad literaria. Por desgracia muy pocas veces es así.

Tino Chao



Las Campanas de Santiago
Autora: Teresa d'Outreligne
Edición: Xunta de Galicia. 2000.

Antes de analizar el contenido de la novela es preciso destacar como muy pobre y poco atractivo el diseño y la tipografía; abundan también las erratas. Resulta extraño e increíble que la Xunta como editora haya realizado un trabajo de tan baja calidad en lo que respecta a estos aspectos materiales.

En lo que concierne a la novela en sí, podríamos recordar aquellas palabras del Cura del Quijote durante el “donoso escrutinio”: *Su libro tiene algo de buena invención /.../ propone algo y no concluye nada.*

D' Outreligne se marca una tarea muy vasta: recoger en una sola novela todo o casi todo lo referente a lo legendario y lo histórico relacionado con el Apóstol y las peregrinaciones a Santiago.

Echa mano y abusa del “celtismo” en la primera parte y de los inevitables templarios en la última (¡Hijo del Trueno, cuándo una novela sin templarios! ¡Semeja que no hubo otras órdenes en el Medievo!)

El ritmo es rápido y vivaz al principio, mas se va volviendo lento, pesado y reiterativo conforme se supera el ecuador de la obra, y el lector se verá tentado muchas veces a devolverlo al anaque.

Encuentros casuales e inverosímiles entre personajes históricos, esperpentismo en los diálogos del Apóstol con un ángel, historias interpoladas prolijas y sin interés de cara a la trama principal...

Podemos decir que la autora pretende construir un fresco de la España medieval, pero no sabe dotarlo de unidad. La excesiva cantidad de personajes e historias restan interés. Falta el “genio” para establecer la cohesión adecuada y conveniente. Para colmo, el final resulta francamente burdo. Como positivo, por decir algo, destaquemos las acertadas descripciones del ambiente y la vida cotidiana de la Córdoba medieval.



Tino Chao



“Diario de un Peregrino del siglo XXI”

Autor: Ovidio Campo

Burgos (1ª edición de 2500 ejemplares numerados)

Dedicado “A todos los peregrinos, pretéritos, presentes y futuros: porque ellos han sido, son y serán los auténticos protagonistas de las peregrinaciones”, el 25 de julio de 2002, festividad del Apóstol Santiago, se acababa de imprimir en

Burgos el “**Diario de un Peregrino del siglo XXI**”, nueva obra que viene a enriquecer el área de la literatura odepórica compostelana.

El escritor, peregrino contemporáneo, empezó el siglo caminando desde la puerta de su casa en Burgos hacia las Puertas Santas de la “caput mundi”, durante el Año Jubilar Romano de 2000.

El 2001 le ve recorrer la Vía de la Plata desde Mérida y el 2002 en curso le pilla incansable recorriendo nuevamente el Camino francés, a lo largo del clásico tramo Roncesvalles–Santiago.

Estas tres diferentes peregrinaciones (dos con la misma meta pero con diversos itinerarios) el autor las recoge por primera vez en un mismo libro.

Ovidio Campo nos coge de la mano y nos acompaña por más de 3000 kilómetros a través de España, Francia e Italia y comparte sus vivencias peregrinas relatándolas con un estilo linear casi periodístico, y con un carácter fresco y ágil.

Es esta sencillez narrativa que engancha al lector (el listillo de Coelho sabe mucho de esto) y le hace seguir al peregrino–autor y disfrutar con él de las delicias de los Caminos, alimentando el espíritu, la mente y el cuerpo. Sin llegar a las perversiones gastronómicas de un Vázquez Montalban, el burgalés contagia su devoción al arte culinario y proporciona detalles interesantes para paladares refinados. Se revela también buen conocedor de la historia y del arte, que aprecia en todas sus formas, y sobre todo demuestra saber escuchar “la voz del Camino” que, como moderno peregrino del tercer milenio, retransmite cada mañana en directo a los oyentes de una radio burgalesa.

El prologo es del profesor Caucci, Experto entre los Expertos del Camino, y completa el libro una breve reseña de impresiones de peregrinos y de amigos del “Hecho jacobeo”.

Carmen Pugliese






“Mansilla de las Mulas, villa del Camino de Santiago”

**C.I.T. Mansilla Medieval.
Salamanca, 2002. 118 páxs.**

O Centro de Iniciativas Turísticas ‘Mansilla Medieval’ promoveu a edición dunha monografía que tivo a ben incluí-la ubicación da vila murada leonesa no Camiño, en moitos sentidos unha razón de ser e un realidade que favorece o seu coñecemento. Son autores da obra E. López Barredo, S. González Pacios, C. Cimadevila Sampedro e J. Cachán Santos. Ó longo das súas páxinas presentan a realidade física, humana e histórica do concello de Mansilla, deténdose moi especialmente no seu patrimonio artístico e etnográfico, sen ignorar os festexos, gastronomía e unha axenda práctica final para o viaxeiro.

A obra ten a estrutura clásica das guías turísticas que, máis que utilidade, ofrecen unha estrutura enciclopédica. Son traballos necesarios en todo pobo e concello que se precie, pero que normalmente teñen escasa difusión comercial, circunscribíndose ésta ó vecindario e visitantes ilustres. As fotos, de moi boa calidade, tamén recollen monumentos do contorno coma o mosteiro de Gradefes ou S. Miguel de la Escalada.

Antón Pmbo





Vivencias de un Peregrino. Año Santo Jacobo 1999,
Autores: Carlos Vázquez e Valentín Carrera.
Aral editores. Valladolid, 1999.

Xa estamos outra vez, señores, cos peregrinos que pensan ter feito unha proeza por camiñar un pouco pola pel de touro e non poden evitar inmortaliza-la súa experiencia cósmica para tormento dos que compramos toda a borralla que se publica sobre o itinerario. Para máis inri e castigo de incautos, as luminarias copietean con descaro -¿non hai un rexistro de patentes? ¿por que non fusilamos ós plaxiadores?- a credencial do peregrino, que acompaña ó libriño e substitúe a portada oficial pola da editorial e inclúe na contra o ISBN e depósito legal.



Polo que atingue ó texto, non perdan nin un minuto na súa lectura, pois está ateigado de lugares comúns sobre historia da peregrinaxe, lendas e monumentos (todo pobrísimo e fusilado con descaro de bibliografía recoñecible), constituindo a orixinal aportación dos autores un diario que se prolonga entre as páxinas 51 e 68. A 69 non queda reservada para ningún numerito quente dos dioscuros, senón para publica-la fotocopia da Compostela dun deles, que así nola pasa polos fuciños para que saibamos o importante que é.

Das tonterías e simplezas recollidas no diario máis vale nin falar: donde durmiron, o que comeron con todo luxo de detalle, o lobo ¡nada menos ca un lobo, Caperucita! que espantaron a bordonazo limpo e outras aventuras máis recomendables para *Salsa Rosa* mariposa. Non podo máis...

Antón Pmbo



Os Libros que Atopei no meu Faiado

Tino Chao

Pretendo iniciar neste número unha serie de reseñas de libros relacionados co Camiño, narracións de peregrinaxes, novelas, relatos curtos, etc, que teñan polo menos máis de 20 anos de antigüidade e que atopai nese inmenso e maravilloso “faiado” que son as librerías de vello.

El Camino de Santiago

Autor: Prudencio Canitrot.

Colección *Los contemporáneos*.

Nº 30, 23 – VII – 1909. 19 págs.

Curiosa, cando menos, é esta noveliña curta, cáseque un conto, publicada a principios do pasado século na popular colección *Los contemporáneos*. Eran éstas unhas publicacións de gran sinxeleza, raiana nunha austeridade extrema; mesmo nas cobertas aparecía publicidade como: *Toda la gente aristocrática bebe el champagne Binet*. O precio desta publicación era de 30 céntimos.

O título é moi enganoso. Pensamos atopar algunha narración referente ó Camiño ou relato de peregrinación, e co que nos atopamos é cunha insulsa historia dun catedrático de Dereito Civil, de familia humilde e aldeana, que estudia gracias á caridade dun rico fidalgo. Despois de ampliar coñecementos en diversas universidades retorna a Santiago cun gran prestixio e formación liberal, que fan de él un ser estrano na ultraconservadora Compostela. Vagas referencias ó amor platónico que sente por Beatriz, dama italiana coa que mantén correspondencia, un desacougo íntimo que é mais ben medo por amosarse tal e como é ante os seus concidadáns e a incompreensión destes son datos que apuntan ó que podería ter sido unha especie de “La Regenta” ambientada en Santiago. Por desgracia, todo queda en nada. Non sabemos se por problemas de páxinas ou porque o caletre do autor non daba para mais, todo remata nun esbardallamento increíble e apresurado, no que se misturan as peregrinacións, as ideoloxías e un non sei qué de absurda atracción pseudo relixiosa.

Por salvar algo, salvaríamos as ilustracións, dun inxenuo e, ¿por qué non?, encantador realismo costumista, e os párrafos iniciais sobre as peregrinacións, dun recargado barroquismo, é certo, pero ¡é tan fácil tocarnos a vea cordial ós amigos do Camiño!



Los Contemporáneos

30 Céntimo

EL CAMINO DE SANTIAGO
Novela de PRUDENCIO CANITROT
Ilustracións de MEDINA VERA



El Bordón y la Pluma

Una exposición Bibliográfica sobre el Camino de Santiago

C.P.

El pasado 6 de julio ha sido inaugurada en el Albergue de Peregrinos de Torres del Río la exposición bibliográfica sobre el Camino de Santiago, “**El bordón y la pluma**”.

La exposición, organizada por la Asociación Cultural “La Vía Láctea estelar” pretende brindar una actividad cultural que aumente la oferta a los Peregrinos que pasan por Torres del Río, a los que pernoctan en el Albergue de la población, a turistas, visitantes y vecinos de la zona en general.

El fin es también satisfacer la curiosidad y suplir la falta de información de muchos romeros: hay unos que piensan que el Apóstol Santiago ha recorrido andando el Camino que lleva su nombre (no tienen muy claro si iba con un perro y de donde exactamente empezó) y otros que creen que el Camino es el itinerario de la translación.

Se han expuesto más de 250 volúmenes sobre la Peregrinación, organizados en diferentes categorías (historia, guías, novelas, diarios de viaje, libros con imágenes, cómics, curiosidades, bibliografías, actas de congresos y debates, otros Caminos y esotéricos), numerosas revistas, carteles y laminas.

En el recinto ha sido colocado también un televisor para permitir el disfrute de videos (en idiomas diferentes) sobre las diversas facetas del Camino.

Los fondos provienen en su mayoría de una colección privada, junto a algunas aportaciones hechas por particulares y por unas Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago como Ave Fénix, Logroño, Palencia y Centro de Estudios y Documentación del Camino de Santiago de Carrión de los Condes.

Entre los ejemplares que se han reunido destacan una reedición de “*Santiago, Jerusalén, Roma – Diario de una peregrinación*”, la soberbia obra decimonónica de los catedráticos compostelanos Freire Barreiro y Fernández Sánchez, un reportaje del periodista galo Urrabieta Vierge sobre el Año Santo de 1880, un álbum completo de cromos del Camino, las copias del Boletín de Elías Valiña y varias publicaciones sobre otros Caminos sagrados y la filosofía del peregrinar.

Los textos aparecen escritos en once idiomas diferentes, incluido el japonés, lo que da una idea de la amplitud y el carácter universal que posee el Camino.

La exposición se encuentra delante de la Iglesia del Santo Sepulcro, cuyas características templarias atraen a muchos visitantes que quieren profundizar en el conocimiento de la Orden medieval. Por esto, ha sido incluido en la muestra un “Rincón Templario”, que incluye un breve y sencillo itinerario didáctico creado para satisfacer la curiosidad de los muchos que suelen preguntar sobre el tema.

El “Rincón Templario” comprende un medio centenar de libros en varios idiomas (ensayos y novelas), además de revistas y medallones pirograbados con la reproducción de antiguos sellos del Temple.

El acto de inauguración consistió en una misa celebrada en la Iglesia del Santo Sepulcro a las seis de la tarde, una breve charla a cargo de la Presidenta de la Asociación y del escritor burgalés Pablo Arriba Briones, cuyo libro más significativo “*Pícaros y picaresca en el Camino de Santiago*” aparece en la exposición y un aperitivo.

La exposición, que está teniendo un notable éxito de público, quedará abierta hasta el mes de octubre.



ULTIMA HORA

Por fin o coro da catedral será restaurado

Albricias. Levabamos 10 anos, toda a nosa existencia como asociación, suspirando por escoitar á fin esta boa nova. Chegou a inxección sempre necesaria do grande capital, pois é sabido o desinterese manifesto do Director Xeral de Patrimonio por este coro, e na derradeira instancia, cando xa as ecuatoriais humidades da igrexa monacal de Sobrado estaban ameazando con aniquilar definitivamente de podredume e bichería o cadeirado, este vai ser salvado dunha destrucción segura.

Como é sabido, triste foi a función deste coro na catedral: a de substituí-lo precioso cadeirado pétreo e románico do Mestre Mateo, hoxe tamén reconstruído co padroado da Fundación Barrié de la Maza. Daquela as modas mandaban, e de nada valeu a petición dun cabido amante das venerandas *antiguallas*, pois o arcebispo gustaba das modas, como Carlos V metendo a gazoupa na Alhambra e na mesquita cordobesa, e de pouco valían as nostáxicas choromicadas de capítulos tan reaccionarios. Fíxose o novo coro e o vello foi empregado como alicerce e recheo de novas fábricas.

Juan de Sanclemente encargou a Diego de Solís e Gregorio Español o novo coro, pero o primeiro foi logo substituído por Juan Dávila. Dávila, que era de Tui e traballaba en Valladolid con Esteban Xordán, deu as trazas da obra e fixo os debuxos dos motivos que decoran cadeiras e paneis (tallados en nogueira), pero ambolosdous repartíronse, metade por metade, o traballo, cobrando o mesmo.

Concluído en 1606, reflicte o gusto manierista, austero e clásico, con mostras de virtuosismo en certos taboleiros que presentan semellanzas co estilo de Juan de Juni, Alonso Berruguete e outros sobranceiros mestres casteláns.

Cando, despois de moito rifar, en 1943 conseguise libera-la basílica dunha obra que adoita permanecer na nave central da meirande parte das catedrais españolas, foi provisionalmente depositado en San Martiño Pinario e, cando aló estorbaba, trasladado á igrexa de Santa María de Sobrado. Aló a obra permaneceu o suficiente tempo para padecer a acción da terrible humidade e numerosas mutilacións (elo sen necesidade dunha presenza efectiva das tropas francesas). Corenta anos despois, o cadeirado regresa a San Martiño Pinario, e quen sabe se algún día, como nos propoñíamos, ó Museu da Catedral.

Caixa Galicia pagará a restauración, que será moi laboriosa, cunha partida inicial de 340.000 euros. O 3 de outubro asinaron o convenio o arcebispo de Santiago, D. Julián Barrio, e mailo director xeral da entidade bancaria, D. José Luis Méndez. Asistimos, sen dúbida, a unha xornada feliz para o patrimonio xacobeo.





ULTIMA HORA



Apostol Santiago, por Andrés Herrera

O día 9 de outubro, xusto antes de pechar este número extraordinario, recibimo-la triste noticia do pasamento de **Valentín Castrege Lizancos**, alcalde de Fisterra. Con 79 anos de idade e unha dilatada experiencia na política, que lle levou a gobernar Fisterra sumando tres lustros en varios mandados, Valentín foi coñecido por moitos dos participantes nas tres últimas peregrinacións estivais, pois era o encargado de facerlles entrega da cada día máis popular *Fisterrá*. Se cadra por ter sido fareiro no cabo, o noso alcalde e amigo acabou recoñecendo a importancia que para a súa vila tiña a prolongación xacobeá á Fin da Terra, apoiando as últimas iniciativas da AGACS neste senso. Entre outras ofertas, o alcalde amosou a súa disposición de ofrecer unha escola rural para abri-lo segundo albergue de peregrinos no concello de Fisterra, máis concretamente na aldea de Suarriba, próxima ó mar do Rostro e no camiño a Muxía. Desde aquí pedimos un prego pola súa alma desexando que descanse en paz.

Lamentamos igualmente o falecemento do pai de **Ana Belén de los Toyos**, colaboradora fiel deste boletín no Principado que nesta oportunidade, por mor das circunstancias, non puido estar presente connosco. Que Santiago o guíe polos camiños do Alén con paso firme e seguro.

Os días 25 e 26 de outubro desenvolverase na vila de Padrón o **Congreso Padrón-Iria e as tradicións xacobeas**, dirixido polo profesor e amigo D. Vicente Almazán e organizado pola Xerencia de Promoción do Camiño. Pronunciarán conferencias sobre a temática exposta D. Manuel C. Díaz y Díaz, D. Fernando López Alsina, D. José Miguel Andrade Cernadas, D^a. Ofelia Rey Castelao, D. Antón Pombo Rodríguez, D. Robert Plötz, D. Francisco Singul, D. Fernando Alonso Romero, D. José Suárez Otero, D. Klaus Herbers e D. Vicente Almazán. O sábado 26 ó serán está prevista unha visita á Casa-Museo de Rosalía de Castro e, ás 18 h, un concerto de música antigana igrexa de Iria Flavia.

Sobre o **Congreso de Logroño** queremos manifestar que, como consecuencia das decisións tomadas polos organizadores, particularmente ingratas para co noso presidente de honra, non imos acudir en grupo como tal AGACS. Cada quen, por suposto, é libre de asistir pola súa conta para participar nunha edición na cal, a bo seguro, serán moitas as aportacións científicas e os temas de discusión tratados nas mesas redondas. A situación da peregrinaxe, coa deturpación de moitos valores tradicionais do Camiño e a aparición dunha nova picaresca de peregrinos gallofos e albergueiros sen escrúpulos, precisa dunha reflexión seria e, quen sabe se tamén, dunha regulación inspirada nos tempos pasados.

10º Aniversario DA ASOCIACIÓN

Actividades previstas ata fin de ano.

Actos en Sobrado.

Probablemente para a ponte da Constitución e da Inmaculada, durante dous días (6 e 7 de Outubro), imos celebra-lo noso 10º Aniversario no lugar que nos viu nacer. No mosteiro cisterciense de Santa María de Sobrado estamos programando unha xuntanza para presentar esta revista convidando xa por adiantado a amigos e membros doutras asociacións. O programa, que será enviado con tempo ós socios, tamén incluírá unha marcha por un tramo do Camiño do Norte, a convivencia coa comunidade e o aloxamento por unha noite, se fora posible, na hospedería, ou, con permiso da Xunta, no albergue de peregrinos. Presentarémolos premios de relato curto e fotografía, inauguraremos unha exposición da historia da AGACS e outra coas fotos premiadas nos tres concursos que levamos convocado, e os que queiran poderán asistir ós rezos dos monxes. A reunión tamén vai servir para prepara-lo plan de actividades de 2003, vespera do Ano Santo, e discuti-la inminente renovación da Xunta Directiva, que segundo mandan os estatutos deberá ser realizada en xaneiro. Para a cita agardamos ter tamén preparada a páxina web da asociación e reparti-lo folleto do Camiño a Fisterra e Muxía, así como informar do acontecido no Congreso de Logroño. Será unha ocasión irrepetible para xuntarnos todos, antigos e novos socios, colaboradores e amigos, e departir durante unhas xornadas nun lugar con verdadeiro engado.

Saídas polo Camiño Primitivo.

Para este outono estamos a preparar unha serie de saídas polos camiños lucenses Primitivo e Norte. Son itinerarios pouco frecuentados polos membros da asociación, pero agora mellor coñecidos mercé ós informes que elaboramos sobre eles para a Xunta de Galicia. Desfrutarmos dos bosques caducifolios da Fonsagrada e Baleira, e dos biduais da Terra Chá, é un dos nosos obxectivos para a estación, tamén propicia para recoller polos camiños cogumelos.

Proposta para ter un albergue propio.

O logo de 2003 procuraremos-la cesión dun edificio, por un período de anos considerable, para que a AGACS poida xestionar dun xeito serio e decote un albergue propio. Hai posibilidades en Vilaserio (Negreira), pero tamén poderíamos presentar unha iniciativa propia, á Igrexa de Santiago ou á Xunta de Galicia, para a cesión temporal dunha vella rectoral ou escola. A posibilidade dunha compra parece máis remota. Nesta dirección, calquera idea será benvida para asenta-la nosa presenza neste terreo.

Aumenta-lo número de socios.

Superando a nosa tradicional auto-satisfacción, cando menos compriría duplica-la cifra actual de socios ata o vindeiro Ano Santo. Para elo sería preciso contactar con tódolos concellos atravesados polo Camiño, que así recibirían nas súas bibliotecas *Libredón* e *Peregrino*, cos amigos e familiares que camiñan ocasionalmente connosco, coas persoas interesadas que se comunican connosco por internet desde lonxe, e sobre todo con esa grande masa de peregrinos galegos que cada ano fan o Camiño e desexarían seguir relacionándose con este mundo. Algúns deles, descoñecendo a existencia da AGACS, participan incluso como hospitaleiros voluntarios e nas actividades doutras asociacións. O esforzo implica a tódolos socios actuais.



“Cruce de Caminos”. 1º Premio do III Concurso Fotográfico “O Peregrino”. Autor: Francisco Javier Díaz Benito (Detalle)



Asociación Galega de Amigos
do Camiño de Santiago



CONSELLERÍA DE CULTURA
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO
XERENCIA DE PROMOCIÓN DO CAMIÑO